

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 26 DE MAIO DE 2017 DE NÚM. 6/2017.-**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS. (CxG-CCTT).  
D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).  
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).  
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).  
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).  
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS. (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).  
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).  
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTORA :** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

## **ÍNDICE:**

1.-	Aprobación, se procede, da acta da sesión celebrada o día 28 de abril de 2017 N° 4/2017.....	Páx. 3
2.-	Expediente 1990/2017. Decretos da Alcaldía. Dación de Conta.....	Páx. 4
3.-	Expediente 1961/2017. Dación de conta dos Informes de Morosidade e Período Medio de Pago relativos ao 1º trimestre de 2017.....	Páx. 9
4.-	Expediente 1636/2017. Expediente relativo ao cambio de uso dotacional público para aparcadoiro de autocaravanas.....	Páx.10
5.-	Expediente 1032/2017. Estudo de Detalle. Urbanización "Agro de Lalín de Arriba" exp. 8592/16.....	Páx.11
6.-	Expediente 1826/2017. Moción do Grupo de Goberno para reclamar á Xunta de Galicia o proxecto de construción do Centro de Alta Resolución no Alto de Vales.....	Páx.13
7.-	Expediente 1724/2017. Moción do PP para a organización de actos conmemorativos do quinto aniversario do pasamento do Pintor Sucasas..	Páx.19
8.-	Expediente 1726/2017. Moción do PP para solicitar á Deputación de Pontevedra a preparación dun plan para a Finca de Mouriscade que permita a actualización de instalacións e material técnico e xenético da mesma.....	Páx. 22
9.-	Expediente 1823/2017. Moción do PP para o acondicionamento das instalacións do Centro Hípico de Mouriscade.....	Páx. 27
10.-	Expediente 1727/2017. Moción do concelleiro non adscrito solicitando a elaboración dun informe de Secretaría relativo á creación do Grupo Mixto.....	Páx. 30
11.-	Expediente 1728/2017. Moción do concelleiro non adscrito para a recuperación da fonte da Casa da Xuventude.....	Páx. 32
12.-	Expediente 1991/2017. Comparecencia da Sra. Concelleira Delegada de Medio Ambiente acordada na sesión plenaria celebrada o día 28 de abril de 2017.....	Páx. 35
13.-	Moción por urxencia do Grupo de Goberno para solicitarlle á Axencia de Turismo de Galicia que permita o uso do albergue de peregrinos de A Laxe como centro social.....	Páx. 39
14.-	Rogos e preguntas.....	Páx. 44

Sendo as **nove horas** do venres, **día 26 de maio de 2017**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuíña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora, *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a Orde do Día co seguinte resultado:

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº4/2017, DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 28 DE ABRIL DE 2017.-**

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta Nº 4/2017 da sesión ordinaria celebrada o día 28 de abril de 2017.

De seguido o *Sr. Presidente* preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer á mesma.

O Concelleiro do grupo popular ***D. Antonio Rodríguez Rodríguez*** indicou que no punto 14 da orde do día, na intervención do Sr. Alcalde na que fai unha relación de pistas nas que se utilizou o fresado da Rolda Leste, onde di:

*“Foron estas: unha en A Veiga, outra en Moneixas, outra en Porto (Botos), o a do cemiterio de Vilatuxe.”*

Debe dicir:

*“Foron estas: unha/s na parroquia de A Veiga, outra/s na parroquia de Moneixas, outra/s no lugar de Porto (parroquia de Botos), e a do cemiterio da parroquia de Vilatuxe.”*

O Sr. Secretario fixo constar que non sabía o que tiña que corrixir, xa que estaba sacado literalmente.

De novo o edil, ***D. Antonio Rodríguez Rodríguez*** volveu insistir no mesmo tema que pediron unha relación de parroquias.

Con esta corrección, e non habendo máis observacións, por **UNANIMIDADE** dos asistentes **acordouse aprobar a acta nº 4/2017, da sesión ordinaria celebrada o**

día 28 de abril de 2017, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

## **2.- DECRETOS DE ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

***O Concello Pleno quedou enterado.***

## **3.- EXPEDIENTE 1961/2017. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO RELATIVOS AO 1º TRIMESTRE DE 2017.-**

A Presidencia deu conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao 1º trimestre do ano 2017 elaborados pola Tesourería Municipal.

De seguido o *Sr. Secretario* procedeu a resumir o contido dos ditos informes.

Xa que logo o **Pleno da Corporación**:

**Primeiro.-** Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao 1º trimestre de 2017 emitidos pola Tesourería Municipal.

**Segundo.-** En cumprimento da normativa vixente, acordou seguir as actuacións e dar publicidade na *web* municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

**Terceiro.-** Tomou coñecemento de que o período medio de pago a provedores do Concello de Lalín correspondente ao 1º trimestre de 2017, calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 23 días e a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 7,58 días.

**Cuarto.-** Tomou coñecemento de que o período medio de pago a provedores do Padroado Cultural de Lalín correspondente ao 1º trimestre de 2017 calculado segundo a metodoloxía da Lei de Morosidade é de 19 días, e segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 12,065 días.

## **4.- EXPEDIENTE 1636/2017. EXPEDIENTE RELATIVO AO CAMBIO DE USO DOTACIONAL PÚBLICO PARA APARCADOIRO DE AUTOCARAVANAS.-**

A Presidencia deu conta deste Expediente e da proposta do Concelleiro Delegado de Urbanismo de data 15 de maio de 2017. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 22 de maio de 2017.***

Na defensa da moción **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** explicou que este tema requiría a maioría absoluta. De levarse a cabo os custes serían mínimos. A parcela era acolledora para este fin. Non era moi grande e contaba cunha capacidade de dez prazas. Para elo necesitaba o aval dos sectores implicados en elo. Confiaba en que estas caravanas que viñan con xente deixasen algún tipo de gasto no pobo. Rematou reiterando que o lugar era acolledor e a parcela estaba ben comunicada.

Pola súa parte **D. Juan José Cruz García** adiantou que o seu voto ía ser favorable.

Por parte do grupo popular **D. José Antonio Rodríguez Fernández** agradecía ao edil propoñente a forma e o talante empregado nesta iniciativa. Votarían afirmativamente como dixeron na sesión da comisión informativa. Lembrou que eles inicialmente pensaron en instalalo na Carballeira do Rodo, aproveitando a sombra e o arborado do lugar. Apoiaríana.

Rematou **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicando que da parcela proposta soamente se empregarían uns cincocentos metros cadrados; o resto revertería ao seu uso urbanístico inicial e viría ao Pleno noutra sesión distinta dos orzamentos.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de manalzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do Concelleiro non adscrito, o que representa máis da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, de conformidade co disposto no arrigo 47.3.o da lei 7/85, de 2 de abril, RBRL, en relación co artigo 42. 5 da lei 2/2012, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, **APROBOUSE o expediente** do seguinte tenor:

A solicitude do concelleiro delegado de turismo, con data 15/05/17, o arquitecto-asesor urbanístico municipal, emitiu informe relativo á posibilidade de destinar a parcela EQ-PD, de titularidade municipal, situada na mazá M-9 do Plan de Sectorización “Agro de Lalín de Arriba” a aparcadoiro de autocaravanas.

Entre as reservas de solo destinadas a usos dotacionais públicos, de cesión obrigatoria e gratuíta ao Concello de Lalín, atópase a parcela dotacional pública, obxecto dese informe, identificada como EQ-PD (Equipamento-Parque deportivo) de superficie de 2.128 m<sup>2</sup>, situada na mazá M-9 do devandito plan de desenvolvemento, situada na parte norte do ámbito de ordenación e delimitada polas rúas da Arribada e Maruja Gutiérrez, Rolda leste, e edificacións con fronte á rúa C.

O citado informe técnico conclúe que o cambio de cualificación urbanística EQ-PD (Equipamento. Parque Deportivo) da parcela de referencia a Viario (V), na súa categoría de aparcadoiro público para vehículos autocaravanas está amparado no establecido ao respecto no artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, por corresponder con outro uso dotacional público distinto, debendo realizarse o cambio segundo o establecido ao respecto diso no citado precepto legal; debendo precisarse que na categoría de aparcadoiro público de vehículos autocaravanas non

se engloba o uso de cámping ou campamento de turismo, que se rexerán pola súa normativa sectorial específica.

Á vista do citado informe técnico e do informe xurídico emitido, para o efecto, con data 15/05/17, polo xefe do servizo de urbanismo, e o informe preceptivo de Secretaría, de conformidade co disposto no artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, art. 47.2.o) da lei 7/85, de 2 de abril, RBRL, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU:**

Cambiar o uso da parcela dotacional pública, descrita na parte expositiva deste acordo, de EQ-PD (Equipamento. Parque Deportivo) a Viario (V), na súa categoría de aparcadoiro público para vehículos autocaravanas, conforme ao detallado no informe, de data 15/05/17, emitido para o efecto polo arquitecto - asesor urbanístico municipal.

#### **5.- EXPEDIENTE 1032/2017. ESTUDO DE DETALLE. URBANIZACIÓN "AGRO DE LALÍN DE ARRIBA". EXP 8592/16.-**

A Presidencia deu conta deste Expediente e da proposta Concelleiro Delegado de Urbanismo de data 10 de maio de 2017. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 22 de maio de 2017.***

Expoñendo a moción, o edil delegado de urbanismo, **D. Nicolás González Casares** explicou que este instrumento afectaba a unha zona definida, coidaba que eran catro mazás, para solventar o problema que había das rasantes debido á dificultade do terreo. Houbo unha aprobación inicial e na exposición ao público presentouse unha alegación. A solución que se daba era técnica e agora procedía aprobalo definitivamente.

O edil non adscrito **D. Juan José Cruz García** adiantou o seu voto a favor.

Desde o grupo popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** sinalou que este tema xa se falara hai tempo, e o que se pretendía antes e agora era unificar o tratamento da zona. Votarían a favor.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **o Pleno da Corporación Municipal APROBOU o expediente do seguinte tenor:**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 16/08/16, aprobou inicialmente o ESTUDO DE DETALLE da URBANIZACIÓN "Agro de Lalín de Arriba" - LALÍN, formulado polo Concello de Lalín, redactado polo arquitecto *Javier Bugallo Thielen* con data agosto 2016.

Realizadas as correspondentes notificacións e sometido o estudo de detalle a información pública, presentouse unha única alegación, por parte de Ana Belén Fernández Ouro (registro de entrada n. 7879 de 22/09/16).

Con data 04/05/17, o arquitecto–asesor urbanístico municipal asinou o correspondente informe de alegacións que sinala que procede estimar parcialmente a alegación, en canto á solicitude de nova redacción do apartado 1.5.1 (apartado 1.6.1 no texto corrixido) do Estudo de Detalle para a súa maior aclaración, pero procede desestimar o contido da alegación no relativo á obrigação do predio inferior de recibir as augas procedentes do predio superior cando se modifique o perfil do terreo, por canto dita proposta non corresponde co obxecto e contido desta figura de planeamento, senón que se debe enmarcar dentro do ámbito xurídico do Código Civil.

O mesmo técnico municipal e na mesma data, asina o documento para aprobación definitiva do ESTUDO DE DETALLE DA URBANIZACIÓN “Agro de Lalín de Arriba” -LALÍN, que incorpora a modificación consecuenta da estimación parcial da alegación presentada.

Á vista do citado informe técnico de alegacións e do informe xurídico emitido para o efecto, con data 10/05/17, polo xefe do servizo de urbanismo, de conformidade co disposto no artigo 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

***Primeiro.-*** Aprobar o informe de alegacións asinado, con data 04/05/17, polo arquitecto–asesor urbanístico municipal e, consecuentemente, estimar parcialmente a única alegación presentada por **D<sup>a</sup>. Ana Belén Fernández Ouro**, en canto á solicitude de nova redacción do apartado 1.5.1 (apartado 1.6.1 no texto corrixido) do Estudo de Detalle para a súa maior aclaración, e desestimar o contido da alegación no relativo á obrigação do predio inferior de recibir as augas procedentes do predio superior cando se modifique o perfil do terreo, por canto dita proposta non corresponde co obxecto e contido desta figura de planeamento, senón que se debe enmarcar dentro do ámbito xurídico do Código Civil.

***Segundo.-*** Aprobar definitivamente o ESTUDO DE DETALLE DA URBANIZACIÓN “Agro de Lalín de Arriba” - LALÍN, formulado polo Concello de Lalín, redactado polo arquitecto *D. Javier Bugallo Thielen*, asinado con data 04/05/17, que incorpora a modificación consecuenta da estimación parcial da alegación presentada.

## **6.- EXPEDIENTE 1826/2017. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA O PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ALTA RESOLUCIÓN NO ALTO DE VALES.-**

A Presidencia deu conta desta moción presentada no registro xeral do Concello o día 16 de maio de 2017 co número 3165. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 22 de maio de 2017.***

Defendendo esta moción, o voceiro do PSdeG-PSOE **D. Nicolás González Casares** explicou que xa facía seis anos que o Concello cedeu os terreos á Xunta de

Galicia para este fin: construír o CAR en Lalín. En lugar disto, o que vimos foi un continuo e progresivo desmantelamento das instalacións sanitarias en Lalín, como sucedía co HADO. Coa moción pedíase que a Corporación se defenda fronte ao engano da Consellería de Sanidade. Lembrou que na última xuntanza se prometeu que en dous meses habería boas novas para Lalín. *“Nós esperamos e non pasou nada; estabamos igual que antes”*, afirmou. Había que marcar unha folia de ruta e cumprila. Lembrou que había xa un ano desde a última xuntanza e desde entón non se soubo máis. Había un incumprimento por parte da Xunta de Galicia.

Indicou que se asinou un convenio entre este Concello e a Xunta de Galicia no ano 2011 e logo un protocolo no ano 2015, xusto tres meses antes das eleccións municipais. Aparte disto, había que resaltar que o CAR supuxo rebaixar as pretensións iniciais do Concello de hospital comarcal a isto. Había prevista unha comisión mixta que tiña que se reunir e non se xuntou.

Referiuse ao custe dos terreos para as arcas municipais que chegou aos 350.000 €, (dicíase inicialmente que estaría entre 120.000-150.000 €). Ese prezo final de pago pola adquisición dos terreos ía xa co xustiprezo, incluído dalgúns acordos do Xurado de Expropiación de Galicia que incrementaron o seu custe inicial.

Sucedía o contrario do que se pedía, que era mellorar a sanidade. A realidade era que a día de hoxe se deteriorou por completo a sanidade en Lalín. *“Nós poñemos cartos e a Consellería tira o tema pola borda”*, afirmou. En resume, estas promesas non se cumpriron. Había un deterioro continuo da sanidade en Lalín.

Neste contexto, a oposición ao goberno actuaba segundo conviña ao PP. Algunha vez o PP anunciou melloras no Ambulatorio, mesmo con hospitalización a domicilio incluída, e con hemodiálise, pero hoxe a realidade era que se amortizaron algunhas prazas de médicos, e outras se ían suprimindo segundo se ían xubilando os médicos e as enfermeiras; non se mellorou en pediatría; é dicir había menos persoal cada vez. De media había 3-4 médicos menos e 2-3 enfermeiras menos, nunha poboación similar a Lalín como era A Estrada. Isto era palpable.

Pola contra asistíamos a un florecemento de negocios lícitos da sanidade privada en Lalín. Isto daba que pensar. A sanidade en Lalín estaba maltratada; era xa un tema histórico. Pedíase que a Xunta de Galicia asuma o seu compromiso. Se non o facía, supuña por parte da mesma unha estafa aos veciños de Lalín e aos seus intereses. Non vía ningún interese por parte do PP e a todos niveis en que se faga o CAR .

Por parte de **D. Juan José Cruz García** afirmou que o CAR era un proxecto ambicioso e necesario para Lalín. *¿Non había ningún documento por escrito?* Se non o había, pediu que se enfocase a moción para que inclúa unha reposta certificada ou por escrito, unha resposta escrita ou certificada reiterou: un documento no que escudarse mañá.

Desde o PP, o seu voceiro, **D. Xosé Crespo Iglesias**, explicou a posición do seu grupo. Indicou que esta, coma outras, eran mocións trampa. Unha cousa era presentar ao Pleno esta moción, e outra moi distinta era facer a xestión. Había un traballo no medio.

Indicou que o edil do goberno nin sequera se documentou, xa que o gasto de adquisición dos terreos foi bastante máis do que dixo. Non o sabe e non se molesta. Faltaban os importes dos convenios asinados polo Concello con algúns propietarios das fincas.

Por alusións **D. Nicolás González Casares** respondeu no sentido de que el



preguntou en Tesourería e déuselle esta cantidade. A propósito dos convenios urbanísticos asinados, sinalou que había de todo, porque algúns deles non estaban monetarizados e el mesmo tiña ata vinte persoas na cola de espera para atendelos por incumprimentos municipais dos convenios asinados polo anterior grupo de goberno.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** reiterou que había a maiores convenios urbanísticos. Na Tesourería diríase isto, se se preguntase. Coincidiu en que o CAR era unha infraestrutura necesaria para Lalín. Lembrou a súa reunión con *D<sup>a</sup> María José Rubio*, con *D<sup>a</sup> Rocío Carrasco*, logo con *D<sup>a</sup> Pilar Farjas* e finalmente co actual conselleiro *D. Jesús V. Almuíña*. Entrevistouse polo menos con catro conselleiros e sempre tentando arranxar as cousas e conseguilas para Lalín. Isto mesmo sucedeu co Pazo de Liñares, lembrando que mantivo máis de trinta reunións para conseguir o 1% cultural para Lalín, e tivo que xuntarse con moitas persoas desde uxieres ata co Ministro para conseguir o que buscaba. Levou moito traballo e malos sabores de boca, pero ía todo incluído no soldo.

Esta moción apoiaría; como se queren outra da autoestrada!. Non eran paladíns da xestión municipal, pero o actual goberno fixo neste tema o contrario do que se debía: unha xestión nefasta. En dous anos que levaban no goberno só tiveron unha reunión co actual Conselleiro de Sanidade. Nós xa dous. Tiñan a obriga no tema do CAR de xestionar. Pero non se fixo así. En materia de hemodiálise e do HADO, *¿Que xestión houbo? ¿Que dixeron?*

A xestión era todo nestes casos, e a moción era só a punta do iceberg; a maior parte sempre estaba sumerxida e non se vía, pero había que facela.; do punto 3, *¿Que sabe do HADO e da hemodiálise?. ¿Que xestión fixeron?, ¿que lle dixeron?, ¿algo?*. Afirmou que o goberno se contentaba con enviar o acordo da moción aprobada no Pleno, e o *Sr. Secretario* sempre tardaba moito, 15 ou 20 días, en remitir o acordo cando quería ou llo dicía o tenente de alcalde. O goberno actuaba como facía un paxaro coñecido como “cuco”. Este poñía os seus ovos no ni doutro paxaro, e logo estes botaban fóra aos moradores iniciais do mesmo cando crecían.

Díxolle **D. Nicolás González Casares**. Lea ben. Pídese na moción que os poña en marcha.

Preguntou **D. Xosé Crespo Iglesias**: *¿Que ten que ver isto coas prazas?. Eva Montoto* máis el estudaron o tema. Anunciou que en breve habería noticias da hemodiálise en Lalín. Preocupáballes o tema e tiñan unha concelleira vinculada a ese mundo que traballaba no hospital e vía a problemática de persoas que van alí. Hai que facer non unha xestión, senón tres. Ese era o mérito. Contou a crianza do paxaro o cuco. Cando é pequeno, medra e é covarde; cando crece, bótano fora, pero quen medra e crece é o cuco. Neste tema logo dirán que é vostede. *¿Parécelles ben, aproveitarse do traballo noso e no ano e medio de traballo nada?*. Había que negociar con humildade, baixar a orella. Lembrou que con *D<sup>a</sup> María José Rubio* pactou o convenio do CAR; logo veu o tema do protocolo. Eu intentei corrixir esta medida con traballo.

Hai un ano houbo unha reunión. Vense o que se conseguía. Reitera que se tardaban quince o vinte días en remitirle o acordo. O problema era para vostede, hai que andar encima para case todo ou para case nada.

Pero, desde hai un ano: *¿houbo algunha outra xestión?* Había que falar coa Dirección Xeral e con outras persoas. Os membros do goberno vendían moito as súas cousas, pero había que contar cos catro brazos e falar con todos. Faltaba o ok do Conselleiro,

para ter o traballo feito. A foto ía con cada moción, e a vender a moto, pero había que facer o traballo e xestionar. Nós cumprimos con todo, cen por cen as premisas da Xunta de Galicia. Iso era facer outro camiño, e o traballo doutra maneira; non bastaba a moción, nin as florituras, nin os medios comunicación. Nós estábamos ao lado do CAR. Cambiamos o PXOM, fixemos os estudos, expropiamos, pagamos o prezo, asinamos os convenios e puxémoslos á súa disposición. En dous anos houbo unha reunión. Había diferenza; non era para poñerse medallas non. Se se dixera que tal día se facía o CAR, eu ante o anuncio direi que traballo ben feito, pero non era así. Indicou que neste tema cumpría contar cun informe vinculante do CHUS que facía falta e que aínda non estaba emitido. Atado tecnicamente non estaba o tema. Fagan os deberes.

De novo **D. Nicolás González Casares** indicou que tras escoitar ao anterior voceiro, parecíalle a súa intervención unha diatriba ornitolóxica, un *mantra* de xestión. Estaba moi errado. O comportamento da Xunta de Galicia eran unha auténtica lección de sectarismo promovida por vostede persoalmente, directamente por vostede. Lembrou que desde a reunión e dixéronlles que dous meses despois das eleccións autonómicas habería novas. Nada máis tomar posesión o Conselleiro, pedíronse reunións con el; falouse e reclamouse desde a Alcaldía que viñeran aquí os representantes da consellería, que viñesen e se constituíse a comisión prevista e que se aplicase o protocolo asinado. Pedíase que a Consellería de Sanidade non cumpre, simplemente iso, o que asinou o *Sr. Crespo Iglesias*. Reiterou os incumprimentos. Ao parecer alí teñen orde de que non se reciba; pediuse unha reunión por terra, mar e aire; pero teñen aviso de que no se reciba a ningún de Lalín. O tema non era presentar, porque nós pedimos unha é catro veces chamamos e pedimos reunión. O CAR dependía da área integrada de Santiago non CHUS. Póñase ao día. *Eva Montoto* tiña que mostrárselo.

No ano 2007-2008 reuníme con *D<sup>a</sup> María José Rubio e* vostede lle dixó que meta a carta no cu, nunha reunión na que estaba tamén o *Sr. Louzán, entre risotadas que metera a carta no cu, porque vostede dicía que quería o hospital comarcal. Ao Sr. Almuiña pedímoslle reunións con corrección, non ningunha animalada, sexa do partido que sexa. Vostede ten morriña do goberno bipartito, porque funcionaba. Agora había sectarismo no PP da Xunta de Galicia. Manífestó. Mentres fan o estudo da hemodiálise e do HADO, mentres tanto que repoñan as prazas que faltan no centro de saúde. Pregunte aos lalinenses. En oftalmoloxía antes se atendía todos os días e agora dous; ¿non recorda?; quitan servizos. Hai un ano anunciábase o HADO e a hemodiálise. Non se sabe nada non houbo nada.* Pedímoslle que nos recibira e ter varias reunións.

O servizo de oftalmoloxía agora atendía só dous días á semana. Quitáronse outros servizos; hai un ano faláron do HADO e da hemodiálise, pero non fixeron nada. Ogallá teñamos máis servizos en Lalín.

Lembrou que en agosto de 2015 foi el quen falou da hemodiálise nunha moción no Pleno da sanidade pública; vostede non. Eu traballo na sanidade pública e vostede noutros ámbitos, e defendía un modelo público da sanidade distinto do PP; “vostede defende o ámbito privado. *“Eu defendo o emprego de cartos públicos para mellorar o público”*, sostivo. Fixo aclaracións sobre o traballo na pública na súa vida profesional. Entendía que o voceiro popular quería disertar e dar leccións; aquí tamén se xestiona, pero hai ordes como pasou no albergue xuvenil que cambiaban todo; e no medio do Pleno ven un *email* e tírase abaixo o acordo vixente. Esa era a tónica xeral e ven de vostedes. Era sectarismo o que practicaban desde o PP.

Gastáronse máis de 350.000 euros nas expropiacións dos terreos. Tamén había convenios urbanísticos non monetarizados que non se podían cuantificar. Reiterou que preguntou á Tesourería polos desembolsos directos producidos. Agora por inoperancia, e como non se puxo en marcha e non estaban adicados os terreos para o CAR, calquera veciño podía reclamar os cartos e o terreo. Había moitos problemas, pero non por causalidade, e sobre todo demora e incumprimentos.

Lembrou que despois de asinar o convenio de 2011; logo un protocolo de 2015 rebaixáronse moitísimo as aspiracións de Lalín co CAR. Díxose que había para xustificar este cambio unha comisión cunha programación funcional, cun estudo do ámbito, dos socios, da distribución da poboación, con varios grupos de traballo e integrada por expertos.

Reiterou que reclamaron varias reunións e vostede tiveron sorte as tres veces. A próxima vez pídalle lealdade institucional e que se reúna co Alcalde; igual fai o mesmo que o que vostede lle dixo á Conselleira. Reiterou que cando se chamase para pedir reunións desde o Concello, que se reciba ao Alcalde de Lalín e que se atenda.

Afirmou **D. Juan José Cruz García** que este tema foi un erro e que o Sr. *Crespo Iglesias* pagouno nas eleccións. O tempo pon a cada un no seu sitio. Hai pouca forza no Concello. Estaba a favor da petición, pero a moción era pura retórica e soa non valía. Hai notas de prensa e pódese denunciar; “*se as houbera (denuncias) únome ás mesmas e fágoas miñas*”. Dentro da moción, el engadiría os prazos. Á súa contestación había que darlle a publicidade máxima en prensa. Era interesante presionar desde máis lados. “*Ao goberno do PP non lle interesaba que o CAR o vendades vós*”, afirmou. Teñen o seu apoio moral.

Por alusións **D<sup>a</sup>. Eva María Montoto Méndez** sinalou que entendía algo do tema. Confirmou que Lalín estaba na área de xestión integrada de Santiago. Non había tal desmantelamento da sanidade en Lalín. Falou sobre o servizo de oftalmoloxía e no tema do aparataxe afirmou que se trouxeron novos equipos, e mesmo a concelleira **D<sup>a</sup>. Lara Rodríguez Peña** recoñeceu isto.

De novo **D. Nicolás González Casares** por alusións. ¿Cantos días de espera? preguntou: ¿dous días?, ¿cales?.

Afirmou **D<sup>a</sup>. Eva María Montoto Méndez**, que había certa eficiencia.

**D. Nicolás González Casares** afirmou que a lista de espera estaba como antes.

**D<sup>a</sup>. Eva María Montoto Méndez**, sinalou que era diferente que a anterior. No había esa hecatombe no servizo e na lista de espera.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** insistía. “Alá vostede”, sinalou. Estaban equivocados. Criticou que o que fallaba na actuación do goberno municipal era a xestión. O goberno municipal estaba equivocado na súa forma de actuar. Non se conseguían resultados metendo un dedo no ollo a quen o tiña que resolver. Vostede críanse expertos e non o eran. El entendía a negociación nas antípodas do goberno municipal. Lembrou que a el non lle importaba reunirse con calquera persoa que fixera falta, mesmo con uxier para buscar a solución ao problema

Sostivo que pediu o hospital comarcal e todo cambiou coa **Sr<sup>a</sup>. María José Rubio**;

entón envaineina e pactei o CAR, porque non podía conseguirse outra cousa e porque esta era a opción menos mala. A resposta da dita Consellería non me gustou, e dixo que non. E “*a falta de pan, faragullas van*”; *collín as faragullas*”. Póñanse as pilas. As mocións non arranxan os problemas. O CAR era o que se podía conseguir, aínda que non era o ideal. Era ideal contar con hemodiálise no público; pero é mellor que estea no privado a que non a haxa e que non teña que ir a xente a Santiago.

**D. Nicolás González Casares** preguntou se supuña unha renuncia á hemodiálise para que vaia no CAR.

Contestou **D. Xosé Crespo Iglesias**. Non, pero mentres non veña, era mellor que houbera no privado, a que non a haxa. Hai que ser serios na xestión e non serven as florituras. O acordo non valía de nada sen xestión. O PP non solucionaba os seus problemas de falla de xestión. Non lle valían as monsergas da resposta da Xunta de Galicia. Non obtiñan nada. Isto mesmo lle sucedía ao goberno: que tampouco sacaba nada da Deputación Provincial. ¿Que traen? Nada, salvo o viveiro de empresas que estaba aí e sen apenas empresas e pagado con fondos europeos, raiando no incumprimento.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que isto que dicía non tiña nada que ver.

Precisoulle **D. Xosé Crespo Iglesias** ao Tenente Alcalde: falamos dos fondos europeos deputación.

**D. Nicolás González Casares** ao Sr. Crespo: entón falamos dos fondos europeos das “pousadas”.

Seguindo no uso da palabra, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que se a Deputación Provincial non cumpría, el denunciaría. Pero esta non era a solución aos problemas. A moción aprobada soa non valía para nada. Pedíulle que fose á Deputación Provincial a resolver o problema; pero agora que a Presidenta non era da súa corrente porque era sanchista, non sabía se o conseguiría; ou se non, que fose o Sr. Vilariño xunto ao Sr. Mosquera. Isto era un cachondeo. Faltaba a xestión na Xunta de Galicia. Esta moción o PP aprobaríana, pero advertiu outra vez que, se non se xestionaba, non valía para nada.

Por alusións **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** comentou que o plantexamento do PP era alucinante. Agora dicíase xustamente o contrario do que se dicía no tema da Casa da Xuventude. Neste tema pasaba como coa fonte: que non era nosa, pero nós tiñamos que asumir a súa limpeza e a conservación; é dicir, como se a fonte fose nosa, aínda que a culpa era da Xunta de Galicia e a ela correspondíalle a xestión.

Pedíulle a D. José Antonio Varela Quintela que non o interrompese.

Neste tema, non era a culpa súa, senón da Xunta de Galicia. O Concello non pode exercer as atribucións e as responsabilidades que eran da Xunta de Galicia; o tema era de traca. pero ao parecer quería atribuírselle ao Concello. Había un fariseísmo total. Pasaba como no tema da AP-9. Vostede dicía que xestionemos e que esixamos o mesmo. Pero defenden o contrario e logo denuncian os incumprimentos. Sobre o tema da Deputación Provincial coincidían en que cada organismo debía exercer as

súas competencias.

Finalizou o debate o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, para reafirmar que se pediron varias reunións ao Sr. Conselleiro. Na que tivo con el foi amable e construtivo. *“Díxonos que en dous meses habería unha ruta establecida. El non tiña por que non crelo. Non compartía o do PP. El coñeceu conselleiros da época do Sr. Fraga que eran executivos, e mesmo algúns foron nomeados fillos adoptivos en concellos de signo político contrario, como Vilagarcía, do PSOE. Era outra xeración de políticos”, afirmou.*

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **o Pleno da Corporación Municipal APROBOU** a moción do seguinte tenor:

Hai xa máis de 6 anos, o 31 de xaneiro de 2011, o Concello de Lalín asinaba co Servizo Galego de Saúde (SERGAS) un convenio para a futura construción en Lalín dun Centro de Alta Resolución, Centro de Saúde e Punto de atención Continuada.

Nese acordo establecíase de modo fundamental que o Concello de Lalín poñería a disposición da Xunta de Galicia os terreos precisos e o SERGAS no marco do Plan de Modernización das Infraestruturas Sanitarias 2010-2013 poría en marcha o seu compromiso. Ademais diso establecíase unha comisión de seguimento da que non hai novas de que chegara nunca a constituírse.

O Concello de Lalín para dar resposta a ese convenio iniciou a consecución dos terreos que se orzamentou de xeito inicial en 150.000 euros, pero que finalmente supuxeron o abono de 355.874,25 euros aos propietarios dos mesmos.

O 24 de febreiro de 2015, a falta de 3 meses para a celebración das pasadas eleccións municipais, o Concello de Lalín asinaba un novo documento denominado “Protocolo de colaboración” co obxectivo de establecer as bases para o estudo de viabilidade dun CAR en Lalín, rebaixando, evidentemente, as pretensións e obxectivos do convenio anterior e obviando un novo Centro de Saúde e un novo PAC.

Ese novo protocolo establecía unha programación e un Grupo de Traballo que novamente nunca foi constituído e xamais se reuniu a pesares de que o Goberno actual de Lalín solicitouno vía mocións e en persoa ao conselleiro actual.

Hai aproximadamente un ano o Alcalde e o concelleiro de saúde reuníanse co conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, quen lles transmitía inminentes avances para a definición do CAR e comprometíase a unha reunión en 2 meses para trasladar os resultados dos traballos da Consellería. Tamén daquela membros do Grupo Municipal Popular se reunían co conselleiro e anunciaban a inminente redacción dun estudo de viabilidade e melloras en Pediatría, a posta en marcha de Hemodiálise e HADO que nunca chegaron a materializarse.

En vista de que o Concello de Lalín ten motivos máis que suficientes para dudar da vontade da Consellería de Sanidade para a construción do CAR, que a consecución dos predios supuxo un forte desembolso para as arcas municipais, que non ten ningún beneficio actualmente para os nosos cidadáns e que se detecta un progresivo abandono da Sanidade Pública na nosa vila coa continua amortización de prazas de médicos e enfermeiras e unha menor presenza de especialistas.

En base ao anteriormente exposto o **Pleno ACORDOU**:

**Primeiro.-** Reclamar á Consellería de Sanidade o proxecto do CAR de Lalín.

**Segundo.-** Reclamar á Consellería de Sanidade datas e prazos veraces de construción do CAR.

**Terceiro.-** Reclamar á Consellería de Sanidade que repoña o 100% das prazas amortizadas por xubilacións e poña en marcha os servizos de HADO e Hemodiálise.

## **7.- EXPEDIENTE 1724/2017. MOCIÓN DO PP PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTOS CONMEMORATIVOS DO QUINTO ANIVERSARIO DO PASAMENTO DO PINTOR SUCASAS.-**

A Presidencia deu conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 15 de maio de 2017 co número 11. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación do día 22 de maio de 2017.***

Na exposición da moción, desde o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** explicou que nestes días se ían cumprir os cinco anos da morte dun pintor deste Concello, *Alfonso Sucasas*, un dos pintores de Lalín importantes e con personalidade difícil. O seu forte non eran precisamente as relacións sociais. Era difícil tratar e relacionarse con el. Considerábaselle como un dos sucesores de *Laxeiro*. Engadiu que no Parlamento de Galicia había algúns cadros deste pintor. Pedíase que o Concello estudase darlle unha distinción. Non pedían ningunha en especial, pero si que por unanimidade se lle dese unha homenaxe ou algo similar.

Manifestou apoiar a iniciativa **D. Juan José Cruz García**.

Indicou desde o grupo de goberno **D. Nicolás González Casares** que algunhas outras persoas tamén coñeceron ao pintor xa morto. Recoñeceu a súa valía como artista lalinense. A el non lle soaba ben todo isto da moción, e preguntouse por que esta preocupación do PP con este pintor non a había con outro artista (escultor) que tamén morreu, como foi *Wyly*, tamén de Lalín e importante.

Afirmou que si, que tiña un carácter difícil o pintor falecido, pero ese aspecto da personalidade non era o importante. Tomarían en conta esta petición, porque eles como goberno tiñan sensibilidade artística con todos.

Dixo que o feito de que houbera cadros seus no Parlamento de Galicia non era significativo, e mesmo debía facernos reflexionar por elo.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** reiterou que coa moción se buscaba recoñecer a *Alfonso Sucasas* como un gran pintor de Galicia, pola súa obra e categoría. Había dous grandes pintores en Galicia que crearon escola: *Colmeiro* e

*Laxeiro*. *Sucasas* podía considerarse un dos seus sucesores. Non era “*un chaiñas*”. Era un pintor de valía. Lembrou que no Senado cando se fai unha foto sempre a fai co cadro de *Laxeiro* ao fondo, un cadro que se comprou cando era Presidente do Goberno *D. Felipe González*.

Por alusións, ***D. Nicolás González Casares*** contestou no sentido de que este último cargo era un socialista de bo gusto.

Finalizou o debate ***D. Rafael Cuiña Aparicio***. Sostivo que el coñecía ben a *Sucasas* e que comeron algún prato e taza con queixo e xamón, *Sucasas*, *Crespo* máis el.

Salientou a súa admiración pola súa personalidade pictórica que se recollía nas súas obras. Antes, cando vivía, tamén se lle recoñeceu isto. Desde logo aquí en Lalín si que se lle recoñecía e ían apoiar a moción.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **o Pleno da Corporación Municipal APROBOU** a moción do seguinte tenor:

O 26 de xuño do ano 2012, fai xa case cinco anos, falecía un dos artistas plásticos máis destacados da historia de Lalín, o pintor *Alfonso Sucasas*. Unha figura artística de primeiro nivel galego, á altura doutros destacados lalinenses como José Otero Abeledo “*Laxeiro*” ou o pintor de Maceira, *Antón Lamazares*, precursores dunha importante xeración de artistas gráficos lalinenses e dezáns que se fixeron un oco nas artes galegas e mesmo nacionais.

Nado en Goiás en 1940, *Alfonso Sucasas* destacou sempre, na súa actividade vital e artística, polo seu vencellamento coas terras e as xentes lalinenses. Bo exemplo de elo é que moitos dos seus cadros fan referencia a estampas da vida cotiá do Lalín de antano e das súas xentes, como queda reflectido nos títulos das súas pinturas. Como moitos lalinenses, labrou unha parte da súa vida na emigración ao pechárselle as portas da súa gran afección pola pintura no noso país. A aprendizaxe artística en Venezuela e Brasil nos anos 60, onde combinou a formación co traballo, permitiulle volver a Lalín no ano 68 e dedicarse de cheo á pintura.

No ano 1969 realizou a súa primeira exposición individual en Santiago que lle deu un pulo importante e lle axudou a darse a coñecer entre os artistas e expertos composteláns. Na primeira metade dos anos 70 consolídase como un pintor de referencia en Galicia con exposicións por varias cidades de Galicia, Madrid, Barcelona, Bilbao, Sevilla, Santander, Segovia. Tamén expón os seus cadros no estranxeiro con mostras en Portugal, Italia, Francia, Alemaña, México, Arxentina, Venezuela e nos Estados Unidos, expoñendo nunha galería en Nova York.

Nos seguintes anos, convértese nunha figura destacada da pintura galega, participando na ilustración de publicacións, pintando encargos como os do Xacobeo sobre o Camiño ou participando en exposicións tan destacadas como a celebrada en

1990 xunto ao seu gran amigo Laxeiro, na Fundación Caixa Galicia en A Coruña. A finais dos 80 e principios dos 90, realiza tres dos carteis da Feira do Cocido e mesmo chega a ser pregoeiro da Feira.

No ano 1998 retorna a Lalín, de onde nunca estivo desconectado e a onde viaxou sempre que puido, onde comeza a preparar a súa gran exposición antolóxica do ano 1999 programado pola Deputación de Pontevedra. Unha exposición aclamada por visitantes e expertos que encumbra ao artista lalinense ao máis alto da pintura galega do momento. Na década do 2000, Sucasas segue centrado na pintura e volve ás súas raíces rurais, radicándose no lugar de Ferreirós, en Vila de Cruces.

No comezo do verán de 2012, coa morte de Sucasas, Lalín e Galicia quedaban orfos dunha das súas grandes figuras da cultura e un dos mellores pintores de todos os tempos.

Moito se escribiu da figura de Alfonso Sucasas:

*“Estes paisanos de Sucasas créñse aureolados polo mito. Son como actores que ollan decididamente cara a nós coa ilusión de sabérense herdeiros de Héctor, Ulises ou Orfeo”*. Ramiro Fonte, escritor

*“Herederos de aquela carga filosófica de esperpéntica ironía bosquiniana o de un Goya de “caprichos” ridiculizante, de los grandes renovadores de la pintura gallega de nuestro primer tercio de siglo, Sucasas se alza hoy como uno de los más importantes neofigurativos del país”*. J. Antonio Castro Fernández, crítico de arte

*“Si lo concreto, cuanto más concreto, más universal es, la obra de Sucasas, sin duda alguna de las más originales y sinceras del panorama artístico de esta tierra y de este pueblo, universaliza la condición humana desde el gesto más primitivamente popular”*. Luis Álvarez Pousa, xornalista e profesor universitario

*“La trayectoria artística del pintor Sucasas es el secreto a voces de un duro ejercicio hasta dominar la forma por completo e idealizarla subjetivamente sin que deje de latir su verdad”*. Francisco Pablos, escritor e crítico de arte

*“El mundo que ha creado Sucasas tiene también sus raíces de misterio sacro y de aldeana humanidad, pero su poder sugeridor alcanza un horizonte insospechado que, desde su silencio, desata la imaginación”*. M.A.García Biñolas, xornalista e crítico de arte.

*“Alfonso Sucasas ten nostalxia dos grandes valores que inspiraron os movementos das escolas de París, Munich ou Viena....Ten Razón Sucasas cando opina que a burocracia esgotou os valores do espírito, creou unha dirección de falsa cultura para ofrecela como un legado miserable, que pretende máis que crear xustificar presupostos”*. Diego Bernal, xornalista

Son algunhas das moitas valoracións de xornalistas e críticos de arte sobre a figura e o traballo artístico dun dos persoeiros máis ilustres da pintura galega e por extensión dos veciños nados en Lalín.



Considerando que a finais do vindeiro mes de xuño se cumpre o quinto aniversario do pasamento de Alfonso Sucasas **o Pleno ACORDOU:**

***Primeiro.-*** Instar ao goberno municipal a que organice unha serie de actos de homenaxe e lembranza conmemorativos do pasamento dunha figura senlleira da Cultura e das Artes como a de **Alfonso Sucasas**, toda vez que se cumpre un lustro do seu falecemento.

***Segundo.-*** Que a Comisión municipal de Honras e Distincións se constituía para estudar que recoñecemento se lle pode tributar ao pintor **Sucasas**, aproveitando este quinto cabodano, por tratarse dun dos seus veciños máis senlleiros no eido das Artes.

#### **8.- EXPEDIENTE 1726/2017. MOCIÓN DO PP PARA SOLICITAR Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A PREPARACIÓN DUN PLAN PARA A FINCA DE MOURISCADÉ QUE PERMITA A ACTUALIZACIÓN DE INSTALACIÓNS E MATERIAL TÉCNICO E XENÉTICO DA MESMA.-**

A Presidencia deu conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 9 de maio de 2017 co número 8. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 22 de maio de 2017.***

Na exposición da moción **D<sup>a</sup>. Eva María Montoto Méndez** explicou o contido da mesma. Leu e destacou algúns aspectos da moción na súa parte expositiva. Sinalou que hoxe esta instalación xa non ocupaba un papel tan relevante como antes, e non estaba a cumprir a súa función. Así, lembrou que no ano 2001 no programa mellora integral de Galicia, a finca Mouriscadé era un referente a nivel nacional, con características propias e de vangarda na cría de xovencas e na produción de leite. No ano 2010 tiña o nivel máis alto co número 1 no ICO a nivel estatal. Agora había un estancamento e existían explotacións privadas de mellor calidade que a finca Mouriscadé, a cal xa estaba no punto 26 da escala ICO. Fallaba o atractivo de traballar na cría de xovencas. Para remediar, isto había que poñer en marcha ideas para unha nova regulación xenética.

Leu os acordos da parte dispositiva da moción e o que se quería conseguir. Quería que Mouriscadé volvese ser a referencia de antes e que dera un servizo real ás explotacións de Lalín, da comarca e de Galicia, No segundo punto, pedía que se contemplasen varias liñas básicas para a mellora no programa de implantación de embrións, xa que facía tempo que se importaban embrións de América e de Europa; elo redundaría nos gandeiros e na rendibilidade das propias explotacións. Estes embrións comprados de fóra trouxeron un aumento do prezo de recría e do prezo dos embrións. Cumpría dar un impulso no ámbito da xenética e dos xenotipos, e algúns veterinarios xa o facían; pero a día de hoxe non se realizaban en Mouriscadé.

Cumpría que fixeran mostras de ADN de 1-3 meses de aptitude dos animais, fronte aos tests, de índice pedrigí, de proxens, e outras. Todo isto aportaría beneficios importantes para as explotacións; nun mes notaríase no animal. A maiores hoxe as explotacións tiñan menos posibilidades de selección en técnicas de acoplamento do gando.

Había que lograr un aumento na interrelación de Mouriscade coas fincas e ganderías. Contábase cun laboratorio móbil que había que utilizar e tamén contar cunha páxina web para atender directamente a súa produción e dar a coñecer os avances e os servizos que se ofrecían ás explotacións. Tamén podía finalmente remitir este acordo aos concellos do Deza, A Estrada e Forcarey e logo á Deputación Provincial.

**D. Juan José Cruz García:** “esperemos que teña recorrido”, dixo. Apoiaría a moción.

Dende o grupo socialista **D. José Manuel Hermida Arias** adiantou que apoiaría a moción. Nos últimos dous anos Mouriscade baixou e na escala ICO ocupou o posto 26 e hoxe baixou ata ocupar o 29. Este decaemento viña xa desde 2009, estando o Sr. Crespo e o Sr. Feijoo nos gobernos. Lembrou que no ano 2015 ocupaba o posto nº 18, cando o Sr. Crespo Iglesias era Vicepresidente do organismo provincial e por exemplo en materia de embrións situouse no posto nº 18 e hoxe no 29.

De todos os xeitos xa estaban a traballar en materia de embrións coa deputada e coa directora da Finca Mouriscade. Hai un mes que se asinou un convenio con CONAFE sobre xenomas. El xa coñecía estes temas da páxina web e o dos embrións.

Lembrou que houbo un becario traballando na dita instalación, un que en 2016 marchou. Hoxe precisaban máis persoal técnico. Houbo. Estaban de acordo co tema do traballador e tamén coa proposta. Pero o problema tamén radicaba en que tampouco había persoal suficiente para atender e realizar todo o que se pedía. Engadiu que os propios traballadores das explotacións gandeiras reclamaban isto e mellores dotacións. Hai un mes xa faláron do tema da páxina web, dos embrións e do becario. Rematou indicando que no tema do persoal que antes houbo un contratado, pero agora xa non se podía contratar a ningún.

Por alusións, **D. Xosé Crespo Iglesias** precisou que o becario estivo alí dous anos e logo terminou, de acordo coa normativa vixente, xa que non había posibilidade de realizar prórrogas. Non se lle botou; rematou o seu contrato. Pasaba igual que no Concello cos becarios que recibía: que non se lles podían prorrogar os contratos.

Por alusións **D.ª Eva María Montoto Méndez** aceptaba a transaccional de contar con máis persoal.

Precisou que o convenio coa CONAFE foi un pequeno paso. Insistiu en que pedía a maiores máis cousas: os xenotipos das vacas actuais e xenotipos para as granxas e explotacións, para que teñan máis puntuación. Entendía que aínda quedaba moito traballo aínda por facer.

O convenio con CONAFE fíxose porque a empresa elixiu a finca Mouriscade. Foron eles os que solicitaron facer un estudo. Non era só o xenotipo, eran tamén catro ensaios de 12 semanas, onde se vía o consumo diario, a produción, a alimentación, e outras cuestións básicas. Era importante xenotipar a cabana gandeira para que o que se saque se estenda ás explotacións, porque hoxe a calidade xenética dalgunhas gandeirías destas estaba por riba da finca Mouriscade. Nesta instalación hoxe non se podía facer isto. Si o facía xa algún veterinario.

Sinalou que o becario que estivo, tras cinco anos formándose, marchouse no ano 2013.

O laboratorio móbil era importante (coller no lugar as mostras para que non se perdan no traslado a Mouriscade). Agora era o momento de dar un impulso a esta instalación,

lembrando que se pasou do posto 15 en 2016 ao 29. Esta si que foi unha baixada importante. Estaba nas mans do goberno apoiar aos gandeiros e había que facelo coa colaborando coa Deputación Provincial.

Reiterou **D. José Manuel Hermida Arias** que xa estaban pedindo todo. Era importante conseguir melloras nas instalacións e contar con outros materiais, citando os trescentos embrións; tamén era importante que na páxina *web* os gandeiros coñeceran todos os datos e servizos que podían utilizar.

De novo **D<sup>a</sup>. Eva María Montoto Méndez** dixo que como transaccional ao acordo podía engadirse á moción a petición de pedir máis persoal. Era importante conseguir os embrións e tamén máis xenotipos para que as granxas e explotacións puideran conseguir máis puntuación. Eles solicitaron un estudo de 4 ensaios en 12 semanas. Había que comprobar tamén os xenotipos que había nas fincas da comarca. Doutra banda necesitaban outra persoa máis polo menos. Reiterou a importancia de contar cun laboratorio móbil que acudira ás explotacións ou aos lugares próximos a estas, para evitar desprazamentos de gando e conservar as mostras obtidas. Este equipo estaba aí xa, comprouse e custou 2,5 millóns. Con isto e coas demais medidas que propoñían había que darlle un empuxe a Mouriscade.

De novo **D. Juan José Hermida Arias** repetiu que xa estiveron os gandeiros reclamando isto desde o ano 2009; daquela uns 50 gandeiros con AFRICOR estaban dispostos a poñer pasta (o seu diñeiro) para isto; rexeitou en parte o que se dixo antes. Lembrou que daquela houbo reunións e deu nomes dos participantes. Era importante a posta en marcha destas melloras e comprar embrións.

Reiterou **D<sup>a</sup>. Eva María Montoto Méndez** que era importante que se fixera o que se pedía na moción para eles. Hoxe había explotacións particulares con avances e con máis puntuación que a propia finca Mouriscade. Había que mellorar.

**D. Nicolás González Casares** precisou que os contratos de persoal interino non podían durar máis de tres anos. Había unha lexislación.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **o Pleno da Corporación Municipal APROBOU** a moción e a emenda transaccional dos grupos PP e do grupo de goberno, do seguinte tenor:

En abril de 2001 botou a andar, na Finca de Mouriscade da Deputación de Pontevedra, o Programa Integral de Mellora Xenética Galega como unha extensión dos traballos xenéticos que xa se abordaban daquela na Finca Bos da Xunta de Galicia, situada na localidade coruñesa de Guísamo. Este programa, implantado na finca lalinense e dirixido aos gandeiros do norte provincial, nacia ao abeiro dun convenio asinado entre a Deputación de Pontevedra e a daquela consellería de Agricultura co obxectivo de contribuír á produción de alta xenética que perseguía a administración galega e que esixía, naquel intre, un sector gandeiro galego nun

momento de importante puxanza e de conversión cara a explotacións máis rendibles e profesionalizadas.

A importación, cría e utilización de embrións de primeira calidade, a súa testaxe en xovencas criadas e monitorizadas nas propias instalacións de Mouriscade, e un traballo xenético exemplar abordado polo persoal da Finca de Mouriscade, en colaboración cos expertos da finca coruñesa de Bos; permitiron co paso dos anos converter á instalación lalinense nun referente galego, e mesmo nacional, na produción de embrións de altísima selección xenética e cunhas características espléndidas para a produción láctea e na cría de xovencas que foron o garante dunha liña xenética que estivo durante moitos anos na vangarda da calidade da selección animal, situando á finca entre as mellores de Galicia.

Tan só cinco anos despois da posta en marcha do Programa Integral de Mellora Xenética Galega en Mouriscade, xa da man do Servizo Agrario da Deputación, un total de 40 explotacións do norte provincial, moitas de elas dezanas e lalinenses, se beneficiaron dos traballos de mellora xenética, co que elo supuxo de mellora para estas explotacións. En 2006, ao abeiro deste programa, xa se implantaran 92 embrións de alta calidade e se criaran un total de 40 sementais cos que incidir na mellora xenética da cabana gandeira pontevedresa. Nos cinco primeiros anos, participaron neste proceso de mellora xenética, un total de 250 xovencas procedentes de un centenar de explotacións que foron as receptoras dos embrións seleccionados xeneticamente. De esas xovencas receptoras de embrións, naceron nos anos seguintes un grupo de crías que contribuíron nunha medida importante a mellorar a calidade xenética das nosas explotacións, con melloras na produción, manexo, etc.

O punto máis alto a nivel xenético da Finca de Mouriscade produciuse na campaña 2009-2010 cando acadou o número 1 en ICO a nivel estatal. Unha avaliación xenética de primeiro nivel no eido estatal que contrastou o bo traballo que se realizou durante moitos anos nesta finca por parte dos seus técnicos e responsables do programa xenético.

De xeito paralelo aos altos niveis de selección xenética da finca provincial, tamén se foron rexistrando nas explotacións da nosa zona un incremento nas cualidades xenómicas da súa cabana gandeira, chegando un bo número de explotacións radicadas no noso Concello e arredores a situarse cos seus mellores exemplares en postos de privilexio entre os mellores exemplares galegos e mesmo nacionais.

O estancamento producido no Programa Provincial de Mellora Xenética tras acadar os niveis máis altos e o crecemento importante na calidade xenética das explotacións do norte provincial provocou un equipamento de calidade entre os embrións producidos na finca lalinense e os que manexan xa algúns das nosas explotacións. Provocando que o que antes era unha finca punteira e de referencia, estea hoxe ao nivel de algúns outras explotacións que nos últimos anos mimaron o tema da selección xenética dos seus animais.

Nos dous últimos anos, esas diferencias foron mingando ata situarse a finca de Mouriscade no número 26 da mesma avaliación xenética que sete anos antes lideraba, co que implica de falla de atractivo para os compradores de embrións e de

xovencas para a recría.

Así as cousas, a día de hoxe, a Finca de Mouriscade necesita dun novo pulo, a nivel técnico e de investimentos, para que poida volver a ser unha ferramenta punteira para os gandeiros do norte provincial e sirva de punto de apoio para unha nova revolución xenética para as explotacións da nosa comarca e do norte da provincia en xeral.

Cuestións como a importación de embrións procedentes de América do Norte, á cabeza da selección hoxe en día, e de centro Europa que permitan mellorar as liñas xenéticas existentes; dotación de novo aparelaxe técnico para o manexo e implantación de embrións; dotación dun laboratorio móbil, inexistente na actualidade; dotación de novos equipamentos técnicos que permitan a impulsión da xenómica, que permitiría unha investigación e mellora máis rápida e actualizada, e investimentos para a modernización das instalacións, como a que xa se fixo co Laboratorio de Mouriscade, son necesarios para que a Finca de Mouriscade poida volver abandeirar, como fixo a principio da presente década, unha nova revolución xenética nas nosas explotacións e permita actualizar a cabana gandeira pontevedresa as liñas xenéticas máis modernas.

Outro dos obxectivos a marcar neste proceso de modernización sería a interrelación entre os técnicos e responsables do Programa de Mellora Xenética e os propios gandeiros, para tentar de que os traballos da Finca foron enfocados á investigación, pero tamén a cubrir as necesidades xenéticas das explotacións. Unha relación que redundaría nun mellor servizo aos beneficiarios finais desta instalación, os nosos gandeiros.

Tendo en conta o anterior e considerando que sería un gran aporte para as explotacións lalinenses, en particular, e de toda a provincia de Galicia en xeral **o Pleno ACORDOU:**

***Primeiro.-*** Instar ao goberno da Deputación de Pontevedra a que deseñe un Plan de Modernización da Finca de Mouriscade, como o que se acometeu nos pasados anos co Laboratorio situado na mesma finca, que permita que a instalación provincial situada en Lalín volva a ser a referencia en xenética para os centos de explotacións do norte provincial.

***Segundo.-*** Que nese Plan de Modernización se contemplen, como mínimo, os seguintes investimentos e dotacións:

- Importación de embrións procedentes de América do Norte e de centro Europa que permitan mellorar as liñas xenéticas existentes.
- Dotación de novo aparelaxe técnico para o manexo e implantación de embrión
- Dotación dun laboratorio móbil .
- Dotación de novos equipamentos técnicos que permitan a impulsión da xenómica.
- Investimentos para a modernización e actualización das instalacións, como a que xa se fixo co Laboratorio de Mouriscade.

***Terceiro.-*** Solicitar que se dote ás ditas instalacións da Finca Mouriscade de

máis persoal, especialmente doutro Técnico.

**Quarto.-** Solicitar á Deputación Provincial que incorpore outro técnico ao seu cadro de persoal na finca Mouriscade.

**Quinto.-** Remitir este acordo aos concellos de Deza, A Estrada e Forcarei que son os principais beneficiarios desta iniciativa para que, se o teñen a ben, a aproben e a remitan á Deputación Provincial co seu apoio.

#### **9.- EXPEDIENTE 1823/2017. MOCIÓN DO PP PARA O ACONDICIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO HÍPICO DE MOURISCADE.-**

A Presidencia deu conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 16 de maio de 2017 co número 12. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 22 de maio de 2017.***

Defendendo a moción desde o PP, **D. José Antonio Varela Quintela** explicou brevemente o seu contido. Indicou que as instalacións municipais nas que se asentaba o Club Hípico presentaban unha serie de defectos e se atopaban nun estado que cales facía necesario acometer reparacións para o seu mellor funcionamento. Estas reparacións eran pequenas e fáciles de levar a cabo. Leu de seguido a parte dispositiva da moción e o que se pedía, de peche da pista interior e instalación do rego para a mesma, reforzo da cantidade de area na pista exterior e colocación de sistema de rego nesa pista, de reparación e conservación de todo o club: tratamento da madeira, reparación de portas e fiestras, pintura, etc, de habilitación dunha zona pechada de espera, para pais e acompañantes, de colocación dunha caseta de recepción, de instalación dun colector ou unha zona impermeable para o esterco (a recollida faina o persoal da Finca de Mouriscade da Deputación e a cambio nivelan as pistas co seu tractor), de retirada da leña acopiada polo Concello do parking da instalación (leva máis de un ano alí acopiada e nos últimos tempos almacenaron máis) e de recollida de restos de plásticos da finca das maceiras, situada na parte de abaixo da instalación.

Por parte de **D. Juan José Cruz García** coincidiu en que había que efectuar unha correcta reparación, o mesmo que se fixo en Vilatuxe. Tiñan o seu voto.

Desde o goberno municipal. **D. Nicolás González Casares** destacou que a moción amosaba en primeiro lugar o estado de abandono que houbo nesta instalación durante estes anos de atrás. Referiuse a que o actual grupo de goberno tivo que acometer xa varias destas reparacións, por exemplo na electricidade e no cambio de area. Reiterou que durante estes anos non se fixo nada ao respecto, e referiuse a uns materiais dun obradoiro de emprego que se deixaron alí e que agora se atopaban xunto coa maleza.

Eles xa tiñan un orzamento preparado para elo, pero había que velo coa prioridade conveniente. Dixo que en total serían uns 20.000 € a gastar. *¿De onde sairían os cartos?* Lembrou que o goberno actual xa tiña gastado 600 € no cambio de area, e outros 3.200 € en instalacións eléctricas. Si que estaban de acordo en efectuar as

obras de mellora e acondicionamento para que estivesen as instalacións en bo estado, pero tamén había que ter en conta o traballo xa acometido e que había que ir adiante segundo as posibilidades.

De novo **D. José Antonio Varela Quintela** dixo que visto o dito anteriormente de que se gastaron 13.000 euros nun estudo para ver o que se ía facer con outro edificio (piscina vella), non era de recibo que agora se dixera que non había cartos para isto. O acondicionamento era necesario. Estaba en desacordo co dito no tema da maleza. Os materiais estaban alí ben colocados, e non abandonados como se dixo. Non era moito o que se pedía, sobre uns 20.000 euros, tendo en conta o mal uso do diñeiro municipal en moitas iniciativas. Fagámolo.

Por alusións **D. Nicolás González Casares** dixo que a area non a cambiaron os membros do grupo propoñente en 25 anos en que gobernaron; pero foron eles no primeiro ano os que a cambiaron, sen dicirlles nada. Sobre o tema da piscina dixo que o estudo ían facelo para ver que se facía coa dita instalación e o que pensaban os lalinenses, ou: *¿É que se pretendía deixar caer o edificio e instalación da vella piscina municipal?*

**D. Juan José Cruz García** dixo que as instalacións estaban mal e que había que actuar. Non había moito que temporalizar con isto, e loxicamente habería unha orde de prioridades. Dixo que o Concello contaba tamén cunha brigada de obras. Suxeriu que se a colocasen alí e que traballe nestas obras. Coidaba que os gastos non superarían os 5000 €.

De novo **D. Nicolás González Casares** afirmou sobre o edificio aludido polo voceiro do PP, que a actuación do PP conducía a que se caera o dito edificio, e desde logo con este goberno non se ía deixar caer. Lembrou que o Lalín Arena se comprou por 8 millóns de euros; esas eran prioridades!. Xa se fixo moito en Mouriscade e con moito esforzo, que estaba abandonada. O obradoiro deixou alí material sen reciclar e lixo. Cambiáronse tamén as portas e as pechadoras e había que regularizar aínda as cotas dos membros do Club Hípico. *¿Coñece esta situación o edil propoñente?* Preguntou. Eles xa fixeron reparacións e seguirían así, traballando coas portas e retirando a pintura, pero pouco a pouco. A area tamén cambiouse, reiterando que en vinte anos non se fixo.

De novo **D. José Antonio Varela Quintela** afirmou que non había botes de pintura alí, senón maceteiros ben colocados. Non era un problema. Pero pola contra si o era gastarse trece mil euros no estudo da vella piscina. O edificio municipal de Mouriscade había que arranxalo a tempo e non pouco a pouco. Lembrou a ese respecto actuacións que se fixeron no campo de fútbol. Rematou afirmando que o que se pedía era factible, dábanse feitos, e había cousas que non se daban feitos.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG.

Xa que logo, **o Pleno da Corporación Municipal APROBOU** a moción do seguinte tenor:

As instalacións do centro hípico de Mouriscade, xestionadas na actualidade polo Club Hípico Juan Oliveira, son punto de encontro para practicar a equitación e actividades relacionadas co cabalo dun número importante de lalinenses, especialmente xóvenes, que manteñen viva a relación que sempre tivo a xente de Lalín co mundo equino. Unhas instalacións que na súa creación foron modélicas polos servizos que ofrecían, pero co paso do tempo e co incremento de practicantes deste deporte fanse necesarios traballos de acondicionamento para a posta a punto da instalación.

Nos pasados días, concelleiros do Partido Popular recabaron entre os usuarios da instalación e responsables do Club Hípico unha listaxe de melloras para que esta instalación poida funcionar dun xeito acaído. Melloras que teñen máis que ver ca conservación e o mantemento que cun investimento importante.

As medidas que transmitiron os usuarios como necesarias para acometer á maior brevidade posible, tanto para a utilización a diario como para que o recinto poida acoller torneos e eventos como o que se celebrará en setembro coa disputa do campionato provincial, son as seguintes:

- Peche da pista interior e instalación do rego para a mesma.
- Reforzo da cantidade de area na pista exterior e colocación de sistema de rego nesa pista.
- Reparación e conservación de todo o club: tratamento da madeira, reparación de portas e fiestras, pintura, etc.
- Habilitación dunha zona pechada, de espera, para pais e acompañantes.
- Colocación dunha caseta de recepción.
- Instalación dun colector ou unha zona impermeable para o esterco (a recollida faina o persoal da Finca de Mouriscade da Deputación e a cambio nivelan as pistas co seu tractor).
- Retirada da leña acopiada polo Concello do parking da instalación (leva máis de un ano alí acopiada e nos últimos tempos almacenaron máis).
- Recollida de restos de plásticos da finca das maceiras, situada na parte de abaixo da instalación.

Unhas melloras que permitirían o uso e disfrute da instalación por parte dos usuarios nas mellores condicións e que o campionato provincial que se celebra en setembro na instalación se poida realizar nunhas instalacións no mellor estado posible. Ao tempo, permitiría que este recinto hípico, situado nun marco incomparable, puidese acoller máis probas que as que recibe na actualidade co que elo implicaría de



aumento do número de visitantes.

Tendo en conta o exposto, **o Pleno ACORDOU:**

Instar ao goberno municipal a que acometa, e antes do mes de xullo, as melloras solicitadas polos usuarios e o club no recinto hípico de Mouriscade e que consistirían nos seguintes traballos:

- Peche da pista interior e instalación do rego para a mesma.
- Reforzo da cantidade de area na pista exterior e colocación de sistema de rego nesa pista.
- Reparación e conservación de todo o club: tratamento da madeira, reparación de portas e fiestras, pintura, etc.
- Habilitación dunha zona pechada, de espera, para pais e acompañantes.
- Colocación dunha caseta de recepción.
- Instalación dun colector ou unha zona impermeable para o esterco.
- Retirada da leña acopiada polo Concello do parking .

#### **10.- EXPEDIENTE 1727/2017. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO SOLICITANDO A ELABORACIÓN DUN INFORME DE SECRETARÍA RELATIVO Á CREACIÓN DO GRUPO MIXTO.-**

A Presidencia deu conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 12 de maio de 2017 co número 9. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 22 de maio de 2017.***

Na exposición de motivos ***D. Juan José Cruz García*** explicou que o grupo mixto non estaba creado, que a lei lle amparaba e que os grupos que cobraron indebidamente terían que efectuar a devolución dos importes percibidos cobrados ilegalmente estes anos. En concreto o grupo mixto tería que estar constituído pola APAC e polo BNG. Non valían os grupos individuais. Pedía informe e que se devolvesen os cartos. Dixo que se empregaban os impostos municipais para a compra de vontade.

Na democracia non valía isto e reiterou a petición de devolución dos cartos ilegais. Tiña que contar cunha impresora para imprimir os documentos xa que hoxe non tiña medios. Había que asinar ordes para cambiar certas actuacións. Por exemplo xa nas actas da Xunta de Goberno se lle entregaron, o cal xa era un cambio. O goberno tiña medo aos informes e xa co escrito que remitiu á Valedora do Pobo había un trato diferente para co edil. Non se podían estigmatizar aos discrepantes. Hoxe tiña aínda impedimentos para funcionar, pero coidaba que tiña que prevalecer a democracia.

Na rolda de intervencións ***D. Xosé Crespo Iglesias*** propuxo a eliminación no punto 2 primeira parte para que non houbera devolucións. O tema do local e do despacho terían que velo. Pediu que se retirase esta parte da moción ao edil propoñente. Era certo que o acordo da corporación foi adoptado por unanimidade, e descoñecía que a lei galega esixía un mínimo de dous membros.

Desde o goberno municipal **D. Nicolás González Casares** dixo que ningún grupo cobrou nada ilegal; as palabras pronunciadas polo edil non adscrito non eran dignas, eran unha auténtica barbaridade. A lei galega esixía dous membros para crear un grupo político, pero a normativa do Estado non dicía nada. Lembrou que no anterior mandato xa lle comentou o representante socialista anterior, Sr. **Cristóbal F. Vázquez** que durante catro anos o edil **D. Camilo Conde** cun só membro tamén tivo grupo propio e por acordo unánime do Concello. Propuxo que a emenda aportada polo grupo popular fose á totalidade da moción. Dixo que os membros non adscritos non tiñan dereito a contar cun despacho propio. Algúns dos membros do goberno non o tiñan tampouco, por exemplo o grupo socialistas. Non podían ter máis beneficio os edís que abandonasen o seu grupo inicial que os demais membros do dito grupo. Non dicía ben falar de democracia para xustificar o que pedía na moción. A posición de vostede non era lóxica nunha democracia. Os grupos cobraron 1.500 €. Votarían en contra.

Por alusións o Sr. Alcalde **D. Rafael Cuiña Aparicio** preguntou se dixerá que el non lle deixaba facer fotocopias.

De novo **D. Juan José Cruz García** dixo que el non podía afeitugar co contrato administrativo; os acordos acadados considerábaos de dubidosa legalidade. Reiterou que o goberno compraba vontades co diñeiro público. Dixo aceptar a emenda transaccional do PP. Retiraba o punto 2 do primeiro, pero o resto seguía adiante.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que había que tentar voltar de novo ao pacto. En canto ao teléfono persoal había que velo; e coidaba que tiña que ter e posibilidade de facer fotocopias. Para o resto habería que esperar ao informe do Sr. Secretario.

O Sr. *Secretario* preguntou se o edil non adscrito dispuña xa de sinatura dixital homologada; de ser afirmativa a resposta, xa podería imprimir con ela.

**D. Juan José Cruz García** dixo que si, que dispuña dela e xa fixo xestións con ela, pero que as fotocopias tiña que abonalas cos seus cartos. Engadiu que a tarxeta do teléfono estaba de baixa. Quedouse co teléfono municipal pero sen tarxeta e por elo non podía empregalo. Coidaba que o teléfono non tiña que devolve-lo.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboado** pediu que constase en acta o que dixo que tiña o teléfono municipal sen tarxeta.

De novo **D. Juan José Cruz García** destacou que non lle parecía correcto que un home que gañaba máis de sesenta mil euros ao ano e que utilizaba o coche do Concello, viñese a falar agora e se dedicase a falar dun obxecto de plástico.

O Sr. *Secretario* precisou que o punto terceiro e a parte final tería que esperar ao informe; tamén entendía retirado o punto 2.

De novo **D. Juan José Cruz García** afirmou que se facían trampas dende o Concello, pero que el non compraba vontades, nin daba contratos aos amigos, como

sucedía cando se favorecía a familia Calvo Ulloa.

Finalmente **D. Nicolás González Casares** indicou que o dito edil representaba o transfuguismo e que non podía ter máis beneficios que os que tiña antes de abandonar o grupo do Sr. Alcalde.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, **o Pleno da Corporación Municipal APROBOU a moción do seguinte tenor:**

A Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, recolle no seu artigo 74 relativo aos “grupos políticos”, no apartado número 4, que *“Se integrarán, en todo caso, en el grupo mixto los miembros de los partidos políticos, federaciones, coaliciones o agrupaciones que no hubiesen obtenido un mínimo de dos escaños. En el supuesto de que no existiese grupo mixto, éste quedará constituido por el miembro del partido político, federación, coalición o agrupación que haya obtenido un solo escaño”*.

O artigo 79 da mesma Lei recolle que *“Siempre que sea posible, los diversos grupos políticos dispondrán, en la sede de la Entidad Local, de un despacho o local para reunirse de manera independiente y recibir visitas de los ciudadanos”*.

Son artigos dun regulamento que ten a súa aplicación a todos os Concellos de Galicia e que **difícilmente se están a cumprir** ao existir un grupo municipal do BNG conformado por un único concelleiro, Francisco Vilariño, e un grupo municipal de APAC, que ten unha única representante en Lara Rodríguez. Ambos grupos políticos unipersonais, nos dous anos de mandato, disfrutaron de semellantes privilexios no económico e no orgánico que os constituídos conforme ao dereito que marca a Lei 5/1997.

O Pleno **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Que a secretaría Xeral do Concello redacte un **informe** que recolla a situación xurídica e legal das seguintes cuestións:

1. Se é legal e responde a dereito que BNG e APAC contén con grupo municipal propio na corporación pese a estar compostos por un só concelleiro.
2. De non poder ter, BNG e APAC, un grupo municipal unipersoal como agora, podería constituírse un grupo mixto conformado por APAC, BNG e o concelleiro non adscrito.

## **11.- EXPEDIENTE 1728/2017. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA A RECUPERACIÓN DA FONTE DA CASA DA XUVENTUDE.-**

A Presidencia deu conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 12 de maio de 2017 co número 10. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 22 de maio de 2017.***

Por parte de **D. Juan José Cruz García** dixo en defensa da moción que había dúbidas sobre a propiedade da dita fonte, sendo este un conflito antes da fonte. Coidaba que tamén se creaba unha ficción para embarrar o tema, Antes foi o tema do plástico (tarxeta e teléfono); logo o tema foi o maceteiro; agora era a fonte. Esta era unha moción modesta, que non se podía embarrar desde o goberno polo tema da propiedade da fonte, dicindo que era da Xunta de Galicia. Estímea ou non o goberno, a moción dicía a verdade: o estado de abandono da mesma e a necesidade de reparala e de efectuar o acondicionamento da mesma e da zona. Isto era certo como tamén o era que eu traballei desde os dezaioito anos recollendo lixo en Lalín.

Desde o PP **D. Xosé Crespo Iglesias** ofreceu unha transaccional ao propoñente da moción. O punto un quedaría, igual o segundo, e o terceiro o Concelleiro faría unha xestión ou ben que mediante un convenio coa Xunta de Galicia permita a solución: o arranxo da fonte. Que se estude tamén recuperar a **D. M. Azurmendi** mediante o traballo da comisión de honras. Había que desglosar o punto terceiro en dous.

Por parte do *Sr. Secretario* indicou que os puntos 2 e 3 tendo en conta que había xa unha sesión plenaria extraordinaria convocada para tratar unha cuestión de confianza vinculada á aprobación dos orzamentos xerais do Concello de Lalín para 2017; terían que levarse a cabo e tentar aprobalos no primeiro expediente de modificación de créditos que se tramite, unha vez aprobados os orzamentos.

Desde o grupo de goberno **D.ª Celia Alonso Caramés** afirmou que nin ela nin o goberno municipal embarraban nada. Limpar a fonte custaba cartos municipais. A propiedade era da Xunta de Galicia, non do Concello. Sería unha pasada meter cartos na fonte, cando non eran terreos municipais. Lembrou que sempre en todos os gastos e propostas facía falta informes de Secretaría e Intervención acreditando a propiedade dos bens nos que se ía actuar para que fose viable a mesma, mediante un certificado que acreditase desde Secretaría a propiedade municipal. O convenio a tramitar implicaría dotar con fondos esa iniciativa. Custaba moito manter o noso, o do Concello, para meterse, ademais, en coidar as propiedades das demais administracións. Finalmente indicou que xa había un convenio de uso da Casa da Xuventude.

Desde o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** solicitou que se buscara un borrador feito xa desde hai tres anos sobre este tema. Coidaba que non había que presionar moito neste asunto, porque podía pasar que por tirar da corda e da vaca, se se tira moito un se queda sen a vaca e sen a corda.

De novo **D.ª Celia Alonso Caramés**, afirmou que non todos tiñan teléfonos no

Concello.

Houbo un debate con **D. Juan José Cruz García** sobre este tema, no que el indicaba que tiña o teléfono, pero que non podía utilizalo por non ter a tarxeta.

De novo **D. Juan José Cruz García** sostivo que a fonte da Casa da Xuventude propiedade municipal. O tema era pedir o documento da propiedade e telo, para ver de quen era. *¿Que papel tes? ¿Está rexistrado? ¿Cal era a súa data?*

Insistiu **D. Xosé Crespo Iglesias** na súa emenda transaccional.

De novo **D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés** reiterou que sempre en calquera iniciativa facía falta unha certificación de Secretaría e de Intervención.

**D. Juan José Cruz García** dixo que aceptaba a transacción do Sr. Crespo Iglesias. Tamén indicou que a moción emanaba do pobo.

O Sr. Secretario insistiu en que o acordo a adoptar tería, de ser o caso, para ter efectos despois do orzamento municipal.

Por alusións, **D. Nicolás González Casares**, díxolle ao Sr. Secretario vostede unhas veces di que fai falta contar coa propiedade e agora non.

O Sr. Secretario indicou que se estaba a falar da emenda transaccional mediante un acordo ou cun convenio coa Xunta de Galicia.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo, **o Pleno da Corporación Municipal APROBOU a moción do seguinte tenor:**

Nesta moción quérese evidenciar a necesidade de acometer solucións; pois o estanque esta fronte a un colexio, nas inmediacións da Casa de Xuventudes é un foco de infección lamentable, queremos demandar se leve acabo esta actuación para velar pola hixiene, limpeza do parque e pola saúde dos veciños e mascotas da zona, consideramos que na actualidade é un foco de infeccións e que o abandono total do mesmo é patente. Non vemos con malos ollos a construción de novos parques no casco urbano etc., pero afirmamos que o noso sentido común nos fai demandar a que primeiro se manteñan en bo estado os xa existentes.

Que previa comprobación de como se atopa a fonte sita nas inmediacións da Casa da Xuventude así como as demais instalacións do estanque e demais elementos decorativos, evidenciase a necesidade de recuperar a fonte e mellorar as instalacións xa indicadas.

Por todo anterior o **Pleno da Corporación Municipal APROBOU a moción do seguinte tenor:**

Que se teña en conta nas previsións económicas das partidas dispoñibles ou remanentes dos que dispón este Concello, polo que teño a ben solicitar unha previsión de retención a cargo dos mesmos en contía suficiente para poder acometer a seguinte inversión presupostada:

1ª.- Recuperar o caudal subterráneo existente nas inmediacións da Casa da Xuventude e restablecer a fonte existente.

Presuposto estimable: 3.000,00 €.

2ª.- Co caudal sobrante utilízalo con novas instalacións con elementos decorativos que permitan realzar o entorno, cambiando as existentes, xa deterioradas e contaminantes, como se pode comprobar no lugar mencionado que se adxunta.

Presuposto previsible: 7.000,00 €.

Estes acordos, dos puntos 1 e 2, levaranse a cabo, unha vez aprobados os orzamentos municipais, no primeiro expediente de modificación de créditos, mediante algún convenio ou pacto coa Xunta de Galicia; se non houbera outro xeito de acomete as obras, fariase con fondos propios.

3ª.- Dedicarlle ditas obras a un persoeiro que destacase a súa labor a prol da xuventude e neste sentido e baixo o noso criterio teño a ben propoñer a título póstumo a *D. Manuel Azurmendi Nachón* coñecido como "*Manuelcho*" e que a súa labor neste eido é popularmente coñecida .

## **12.- EXPEDIENTE 1991/2017. COMPARECENCIA DA SRA. CONCELLEIRA DELEGADA DE MEDIO AMBIENTE ACORDADA NA SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O DÍA 28 DE ABRIL DE 2017.-**

A Presidencia deu conta deste expediente. De seguido o Sr. Secretario deu lectura ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal do Concello de Lalín, na sesión ordinaria celebrada o día 28 de abril de 2017, no que se acordou aprobar a comparecencia na vindeira sesión do Pleno deste Concello da Concelleira Delegada de Igualdade, *Dª. Celia Alonso Caramés*, para explicar todo o relativo á contratación e facturación do Cocido do Orgullo celebrado a finais do mes de marzo de 2017.

***D. José Antonio Varela Quintela:***

¿Que pasou?

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés** indicou que foi un tema meu, baixo a miña responsabilidade. Veu todo coa actuación prevista das Supremas. Tiñamos coñecemento de que eran verdadeiras mestras de cerimonia. Remitimos a petición e conversamos por whatsapp con elas. Dixeron que si inicialmente; pero logo unha delas enfermou. Parecía que unha si que ía poder actuar. Entón dos seiscentos euros, pasouse á metade: uns trescentos. Dixeron finalmente que non. A persoa que ía facer a factura enviouna. Estas míranse polo filtro de Intervención e controlábanse. Non se pagou nin un euro. No caso de pagalo, procedería tramitar a devolución. Non se perdeu nada coa factura. o señor que emitiu a factura pediu desculpas e enviou outra. Había filtros no Concello para controlar, e logo para esixir a devolución, se elo fixera falta. Cóbrase por recibo. Había un bo control das facturas.

**D. José Antonio Varela Quintela:**

Se isto sucedera no Concello gobernando o PP, que Dios nos pille confesados!.

Na prensa o Tenente de Alcalde dixo que era imposible pagar a factura e que non estaban de acordo coa mesma. ¿Está de acordo coas verbas do seu compañeiro na prensa?

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**

Non se pagou. Intervención o veu o mesmo día. Eu asineina sen vela. Eu non as punteo.

**D. Nicolás González Casares:**

Non daba o crédito para elo. Non se pagou.

**D. José Antonio Varela Quintela:**

¿Iso foi cando se publicou na prensa?

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés:**

O mesmo día. Cando apareceu na prensa xa se viu o orzamento e a retención. Ese día a Intervención non veu a factura, que era igual que o orzamento.

**D. José Antonio Varela Quintela:**

¿Non se decatou outra persoa?.

Se non sae na prensa: ¿Pagárase a factura?

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**

Non. Non se pagou ningún euro.

**D. José Antonio Varela Quintela:**

¿A factura pasou á Xunta de Goberno?. ¿Houbo desculpas da empresa, Urdime en representación Supremas ou non?.

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**

Había un contrato de representación. Contratouse por decreto á empresa Urdime. Pasou á Xunta de Goberno.

A empresa sabe como firmar en nome dos grupos.

**D. José Antonio Varela Quintela:**

¿Como e por que se elixiu a dedo a esta empresa Urdime e se fixo o contrato?

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**

Fixeron un traballo ben en Santiago, Lugo e en Galicia. Empezaron tamén en Lalín; os de Urdime eran xente de Lalín.

**D. José Antonio Varela Quintela**

¿Era vostede coñecedora de Urdime e das Supremas?

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés ;**

Eu coñecinas no pasado verán; gustábame como traballaban e Urdime foi seria. Si moi seria.

**D. José Antonio Varela Quintela:**

¿Foi o grupo coa empresa?

¿Foron socios?.

A raíz dese encontro co Urdime e coas Supremas, ¿Coidan vostede que valeu a pena contratalas?

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés.**

Mentiron as Supremas. Inicialmente dan largas; logo non veñen e aquí estamos.

**D. José Antonio Varela Quintela:**

Dixeron na prensa que houbo un erro. ¿Pero non quedaron reflectidos na acta os 600 €?.

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**

Houbo un erro si. A factura estaba de acordo co orzamento. Non houbo máis. Primeiro eran 600 €; logo eran 300 €, porque ía actuar unha soa e por menos tempo. Finalmente non aceptaron. No mundo do espectáculo, artístico os grupos se caen por varias razóns. Estas caeron e as razóns as puxeron elas. Querían outra cousa. Un espectáculo para elas; pero non estaba na programación. Sempre se ofreceron como mestras de cerimonia. Al final non houbo nada.

**D. José Antonio Varela Quintela**

¿Sentiuse enganada polas Supremas ou pola empresa?

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**

Non me sentín enganada pola empresa, que fixo moi bo traballo, un bo traballo. Si que quedei desilusionada coa actitude das Supremas. Unha estivo enferma, e logo non puido ser. Non faláron comigo. Logo co Concello non se portaron ben. No primeiro Cocido do Orgullo quixemos telas con nós, pero non puido ser; agora estaba decepcionada.

**D. José Antonio Varela Quintela:**

Na Xunta de Goberno 3 de abril 2017, segundo as súas palabras, se aprobou a factura de Urdime. Na acta non aparece a factura, por un erro: ¿Quen mentiu? ¿vostede?, ¿a acta?, ¿ou a Xunta de Goberno?. ¿Quen mentiu? ¿Aprobouse e non figura a factura?. Este é o meollo da cuestión.



**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**

Si que se aprobou. Na acta non aparece nada de nada..

O Sr. Secretario indicou que se aprobou nesa acta o borrador coa corrección e logo corrixiuse; así quitouse da acta. Aprobouse o borrador e corrixiuse. Cando se aprobou a acta, sacouse a factura.

**D. José Antonio Varela Quintela:**

Non aparece a Interventora na acta da sesión da Xunta de Goberno. ¿Nin estivo tampouco outra persoa que a substituíuse de xeito interino non?.

**D<sup>a</sup> Teresa Varela Fisteus.**

Respondeu: Estaba de baixa.

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**

A nivel técnico non sabe como funciona Secretaría nin Intervención.

**D. José Antonio Varela Quintela:**

Xa o sei. Foi baixa.

**D. José Antonio Varela Quintela:**

¿Acusou vostede aos concelleiros do PP de homofobia?. ¿Mantén esas insinuacións?

**D.<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**

Non, ás veces son apasionada. Espero que no PP non haxa persoas entre elas con homofobias. Sentín que non nos acompañasen no Cocido co Orgullo.

**D. José Antonio Varela Quintela**

¿Supón vostede que non estabamos?.

**D. Xosé Crespo Iglesias.**

Non nós viu!. Que jeta! Non estivemos ao seu lado, pero estivemos. O gasto foi tremendo.

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**

A xente dicía: “que pena que ninguén da oposición estivera no Cocido do Orgullo”.

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés.**

Houbo gasto en publicidade. Tivo unha repercusión xeral mesmo fora das fronteiras. Todos quedamos contentos. Apareceu en publicacións xerais e nacional. Todos contentos.

**D. Xosé Crespo Iglesias**

Gastáronse case 60.000 €.

**D. José Antonio Varela Quintela**

¿Por que, se foi como dixo, se corrixiu a acta da Xunta de Goberno antes de

dar conta ao Pleno? ¿Ao Pleno debeuse dar conta non?.

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**

Da solicitude si que se deu conta ao Pleno para a retención contable; era unha subvención e pediuse polo importe total. Logo pasou que na factura só se facturou polo que se realizou. Se faltase algún grupo que non actuase, iría menos importe na factura.

**D. José Antonio Varela Quintela.**

¿Outras facturas si que se modificaron, por exemplo en materia de persoal, antes de traela ao Pleno?

**D. Nicolás González Casares.**

Confunde vostede a solicitude coa xustificación.

**D. José Antonio Varela Quintela**

A solicitude ía polo importe da subvención. Se non coincide logo a factura coa petición: ¿Págase o que se xustifica non?.

**D. José Antonio Varela Quintela.**

A certificación veu ao Pleno. Non mesture.

**D. José Antonio Varela Quintela**

Ao Pleno veu a solicitude de subvención do Plan Concellos.

Era todo un cúmulo de despropósitos. ¿Vai seguir contando con esta empresa Urdime seleccionada a dedo no futuro?

No procedemento libre xa sabía que podía concorrer. ¿Pero nos procedementos a dedo?

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**

Si está no orzamento si; sempre que sexa barato voverei contar con esta empresa ou con outra. De fóra poderán vir e, se son de Lalín, será un mérito.

**D. José Antonio Varela Quintela:**

Como ao PP lle pasase isto, Dios nos pille confesados!  
Para defenderse dun erro, non fai falta acusar a ninguén de nada na prensa; o erro non ten nada que ver. Eles moitas veces os tiveron cando o PP gobernou, porque estiveron moitos anos. Nesta chapuza o PP non tiña nada que ver. As cousas non estiveron ben feitas.

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**

Non, confésome. Houbo un erro que estivo ben atizado por unha pequena cousa, pero un erro.

**D. José Antonio Varela Quintela:**

Quedou evidente todo. Houbo cousas varias que non estiveron ben feitas. Atizadas non; el non botou culpa a ningún. Do tema técnico non sabía. Pero si que a edil comparecente acusou aos concelleiros PP.

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**

Non acostumo a acusar; houbo un pequeno erro de 600 €. Asumín a miña culpa desde o principio.

**Juan José Cruz García.**

Vou dar un ton de seriedade ao Pleno. Preguntou á dita concelleira: ¿Non apoiou a APAC cando esta se posicionou para que o concelleiro de festas fixera este traballo no tempo libre e que a comisión de festas fixera os traballos?.

**D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés**

Dixo que que non sabía o que lle preguntaba. ¿Se se posicionou contra a APAC?.

Segundo a prensa houbo unha factura de 600 € con un erro; estaba ben ou mal. Ela votou a favor da comparecencia.

**13.- MOCIÓN POR URXENCIA DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITARLLE Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA QUE PERMITA O USO DO ALBERGUE DE PEREGRINOS DE A LAXE COMO CENTRO SOCIAL.-**

A Presidencia deu conta desta moción presentada por urxencia no rexistro xeral o día 26 de maio de 2017 co número 3370.

Desde o grupo de goberno, **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** deu os parabéns á edil comparecente.

Indicou que buscaba consenso neste tema. Todo viña por unha novidade recibida tras a moción do Pleno anterior, da postura dunha persoa. Tamén houbo a xubilación da persoa contratada. Pese a que o Concello non tiña competencias, era unha competencia impropia neste eido, porque era da Xunta de Galicia, o Concello metíase no mesmo.

Había un momento de escritos, amosando con elo a situación e a preocupación do Concello por este tema. En todos os escritos reiteramos sempre a insistencia municipal por solucionar o mesma: o uso social da parroquia. Veciños. Houbo unha falta de resposta, pero esta semana, a Asociación de Mulleres de Bendoiro tivo unha reunión co Xerente de Xacobeo S.A. na que lle plantexaron a necesidade de seguir mantendo o uso social do local. Contestáronlle indicando que tiñan que pedilo puntualmente para cada vez e actividade e sen garantía de uso. A decisión era política evidentemente; houbo unha xestión doada desde o principio.

Sometida a votación ordinaria a **URXENCIA** da moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **o Pleno da Corporación Municipal ACORDOU DITA URXENCIA.**

Desde o PP, **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que a urxencia estaba xustificada daquela maneira. Teñen algo que dicir. As xustificacións que se deron sobre a moción eran peregrinas. Igual que pasaba co goberno anteriormente no CAR. Eles desde logo diante desta clase de moción non ían votar en contra e cometer esa torpeza.

Lembrou que este centro social fíxose hai moitos anos, cando non había outros en Lalín. O Concello tiña na cabeza que cada parroquia tivese un centro social. Nalgúns casos isto non foi posible, porque faltaban os terreos. Por iso tras moito tempo en Bendoiro, buscando e esperando, compráronse os terreos, fíxose un convenio coa Xunta de Galicia. O Concello comprou os terreos e varios edificios, cedunos e neles instalouse o albergue. Así matábanse dous paxaros dun tiro: como centro social e como albergue de peregrinos. Nos compramos o terreo, e outro terreo con edificio; a Xunta e Galicia rehabilitouno e xestionou como Albergue.

Non era xusto o que se dixo desde o goberno municipal que o día do Pleno no que se falou do albergue, dea a entender que nós chamamos alí para que enviasen o correo. Afirmou que non se enterou do tema e non fixo a chamada. Non fixo nada. Non coñecía as xestións feitas. Queríase dicir que desde o goberno se facían boas xestións e mal desde PP. Eles, como PP, non tiñan nada que ver con todo isto. E a xustificación da xubilación da persoa que estaban alí para rachar co convenio, non era motivo. Ser máis serio.

Aprobouse o convenio no seu día. Había fórmulas, como o Plan Deputación para contratar a persoas varios meses. Había fórmulas para elo. O problema era chamar á persoa e negociar. Así funcionou durante este tempo. Non era fácil, coincidía; xestionábase ben; A garantía era o convenio e o normal era continuar co mesmo sistema, mesmo que se mellorase o convenio. Había que negociar; o tema era: Se cede, estupendo; non se cede: a parroquia queda sen local e hai que buscar unha solución: comprar un solar e construír o edificio era máis caro.

Que jeta!, a do *Sr. Vilariño*. Botar a culpa a Xunta de Galicia. Isto ten fácil arreglo. Non sexan inxustos. Queren que a Xunta de Galicia dea a solución. *¿Cantos albergues había na Xunta de Galicia que funcionen como albergues e como centro social ao mesmo tempo?* Ningún albergue estaba sen convenio. Daquelas había Concellos que puñan o persoal. Logo houbo desavenencias co persoal por ambos bandos, pero solucionábanse. Había unha persoa con horario aparte, igual que pasaba coa Casa Xuventude. Pediu que negociasen un novo convenio. Non era difícil. Díciase que no había persoal, pero dalgún servizo podería vir alguén. Na biblioteca sacouse unha persoa para actuar como Secretaria do *Sr. Medela*. Non lle importaba deixar o servizo ao mínimo, con horario amplo. Se había boa xestión como dicían, collan a unha persoa e mándena ao albergue. Estaba a favor de pedir unha reunión co Xerente do centro social. Ningún albergue estaba sen convenio. Había que negociar. Ao Concello custáballe a nómina, pero tiña retornos e servizos que compensaban. Naquel momento, se non se poñía persoal, non se facía o albergue. Pensouse que cando prescribira o convenio, habería que negociar coa Xunta e esta facerse cargo. Houbo unha xestión deficiente do Concello. Agora había un problema. Se queren se arranxa. Ningún albergue dos existentes ten centro social. A favor.

De novo **D<sup>a</sup>. Francisco Xavier Vilariño Taboada**. Nn xeta nin xestión. Estaba sorprendido. O que houbo foi un erro que cometeu el por fiarse da palabra dunha persoa posta a dedo: o xerente da Xacobeo. El non incumpriía os acordos. Anunciou no anterior Pleno que asumíase a xestión e o uso social, deulle os parabéns ás persoas que interviñeron. Houbo reunións e varias horas despois do Pleno recibíuse un escrito cambiando as condicións xa acordadas. Era unha lección que aprendín para o futuro: non fiarme de xente así. Outra persoa tamén asistiu a reunión e podía corroborar isto. Cambiou o xerente de opinión nun tempo record e a raíz do Pleno. Como mínimo era curioso que pasase isto, e que no PP non se ofendan. Pedíulles que non se puxeran detrás da pancarta PP e se colocasen cos veciños.

*¿Cantos Concellos cometeron a torpeza de poñer terreos e cartos pona a Xunta de Galicia no albergue e asinar un convenio por 10 anos, aportando e contratando o persoal e ano tras ano e incumplir o convenio? Ningún.*

Tiñan toda a lexitimidade para reivindicar a situación. O uso social fortalece e enriquece o albergue, pero non había ningunha razón, salvo a política para que sexa así. Desde novembro ven solicitando a reunión co Xerente. Esta tivo lugar o 6 de xaneiro de 2017 e resulta que o día da reunión prevista en Santiago, o xerente estaba en Madrid; pasou da reunión. Esta é a realidade do que pasou. O lóxico era que cada administración asumise as súas competencias. O Concello non ía deixar sen local social aos veciños; compraranse os terreos, deixaranse algunhas casas ou haberá un convenio. *¿Como foron capaces de entregarlle a Xunta de Galicia todo iso, co difícil que foi e era conseguir local e terreos onde non hai terreos en venda?. Como é posible asinar un convenio hai 10 anos nesas condicións e sen ningún tipo de reversión?.*

Entón saquen vostede as consecuencias. Había que esixir o uso social. Non permitirían que Florentino Pérez sacase plusvalías dos veciños de Lalín.

Pedimos que fagan xestión. Atopáronse con *Nava Castro*; logo ían abrir e non se abre. Había moitos escritos enviados. Non tardaron dous días en contestar. Para facer un novo centro atopámonos con cartos pagados polo Concello; a Xunta de Galicia non se ingresaba a parte dos ingresos correspondente á mesma das estancias dos peregrinos. Estaba nas contas de Intervención. Houbo vontade desde o Concello de negociar, pero respondeuse cun acto de sinvergüenza, como mínimo do Xerente, con engano. Houbo un engano por parte do xerente a danos aos veciños de Bendoiro. Queríamos un uso social, non un enriquecemento de multimillonarios. O convenio non ten lóxica e non había precedentes. Teño o convenio. Alí se escarallaban de risa co documento.

Non tiña nada que dicir **D. Juan José Cruz García**.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** repetiu que erraron na xestión. En relación co Pleno, dixo que houbo algo, pero non sabían que, nin se explicou. Non sabía se o Secretario poñía as horas en que se trataba cada tema. Preguntou ver a hora do correo electrónico que se recibiu para comparar coa hora en que se tratou no Pleno. Era unha sorpresa antes e agora. Ninguén sabía nada. Que casualidade que pasase iso!. Gustaríalle velo; o que buscaba o goberno era unha percha na que colgar a súa inoperancia; era todo mentira.

Tiñan que ter dilixentes e defender os seus intereses. Teñen que facer o contrario do que fixeron ata hoxe, o contrario. Non se sabe que negociación houbo, pero non os defenderon. Hoxe os veciños de Bendoiro seguían ser contar cun centro social.

*“Pero eran chabacanos; non se rían do convenio”*. Ou ben era o edil do goberno un indocumentado ou actuaba de mala fé. Moitos dos albergues foron cedidos por concellos, conventos e igrexas. O Xacobeo apenas comprou terreos. O resto foron como en Lalín. O convenio era a única forma de conseguir implicar a Xunta de Galicia. Estaba daquela como Conselleiro de Cultura o Sr. *Pérez Varela*, e potenciábase o Camiño Francés; e sen facer iso non se podía abordar. Hoxe estaban sen facer albergues. A Ruta de Prata e o camiño mozárabe eran dos poucos que pasaba por Lalín. Salvo que o Concello puxera os terreos a disposición e firme o convenio de mantemento non había outra opción. Foi a única vía que había antes e agora. Vostede preferían non facelo así. Era unha perda de cartos para Lalín; ter un centro social novo custaría máis, se se fixese de novo. Cumpría facer unha boa xestión. O mellor era

negociar co Xacobeo e chegar a un acordo. A contrapartida estaba aí, pero sempre sería menos custosa e mellor que comprar un terreo e facer un centro social novo. Pero queren unha percha, logo gastar cartos facendo centro social, e botarlle a culpa ao PP.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** sinalou: Non é certo.

Seguiu o **Sr. Crespo Iglesias** dicindo que non vía outra explicación máis que esa. Insistiu en que negociasen co Xacobeo. Daquela este convenio era a única forma; non había cartos no Concello nin centros de peregrinos en Galicia. Que empece a funcionar; esa era a idea. Os peregrinos pagarían 6 € e o Xacobeo entregaría tres no Concello. Non o sabe certo. Antes pagamos o Gas, logo pagábao a Xunta de Galicia. Agora unha persoa traballaba alí, atendía aos peregrinos e levaba tamén a limpeza. Non busquen unha percha. Impórtalles pouco o centro social; o que querían era botar a culpa ao PP e queren mal a veciños a Lalín. Vostede veñen de rescatadores, pero creaban problema e logo traían solución. Non era xusto. Daquela acordouse o mellor.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que non era certo.

De novo **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**, dixo que non ía ser mal pensado co voceiro popular. Antes había unha persoa no albergue que limpaba o centro sociais, pero se xubilou. Agora non se podía contratar persoal; en segundo lugar, tampouco podía contratar a Deputación Provincial, porque era un gasto estrutural; terceiro, non podía asignarse persoal, porque non o había; cuarto, o gasto realizado eran uns 29.000 euros ao ano; quinto, necesitaríanse tres persoas e non unha soa.

Esta era a realidade. Había que ser xustos, e agora eran inxustos; non se debía mentir. A conclusión expresada de crear problemas e logo solucionarlos era mezquina. Non era así. Nós negociamos. Non enviamos as chaves por correo e nos desentendemos do tema. Non foi así. Había un acordo pechado, un acordo coa persoa e logo deixouse de buscar a solución.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández** do PP. Dixo que era certo que falou o dito edil do tema na sesión plenaria. Eu contestei no Pleno que elo entraba dentro do normal; pareceulle ben, aínda sen falar o grupo. Non poñía en dúbida isto.

Agradeceu estas verbas **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**. Sabía que o que dixo era certo. Non había que dar máis voltas que ningún se cría.

Rematou **D. Xosé Crespo Iglesias** dicindo que daquela o convenio foi a única forma. De non ser así, non se faría o albergue; se el non fixera o convenio, tiña detrás toda unha fila de vinte alcaldes para conseguir o albergue e asinar o convenio que lles puxeran. Había que ceder algo. Púxose unha pica en Flandes.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada**, precisou que a Xunta de Galicia tiña que dar dous terzos e non a metade como se dixo antes.

Continuou o debate entre os dous.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte e un (21) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito, **o Pleno da Corporación Municipal APROBOU a moción do seguinte tenor:**

O albergue de peregrinos de A Laxe (Bendoiro), foi inaugurado no ano 2004 logo de que algúns anos antes o Concello de Lalín chegase a un acordo coa S.A de Xestión do Xacobeo, dependente de Turismo de Galicia, para a cesión de dúas antigas vivendas rurais situadas ao pé da Vía da Prata, para a construción dun albergue de peregrinos. A instalación construíuse con capacidade para acoller a unhas 30 persoas e con diversos espazos comúns ademais dos dormitorios, como salas de estar, sala de reunións, aseos, cociña, almacéns...

As condicións desta infraestrutura propiciaron que dende a súa apertura no ano 2004 o albergue tamén fose utilizado por parte dos veciños e veciñas de Bendoiro como local social, posto que esta parroquia carece de calquera outro inmobile que cumpra esta función. Así, a hospedaxe de peregrinos veu servindo nos últimos anos como punto de encontro veciñal e espazo empregado pola parroquia para o desenvolvemento de reunións, xuntanzas veciñais, festexos, actividades culturais e incluso como centro de votacións nas xornadas electorais tendo, porén, unha enorme utilidade para os residentes en Bendoiro.

En canto á xestión do albergue, no ano 2002 o Concello de Lalín asinou un convenio co Xacobeo cunha vixencia de 10 anos, sen facer alusión ningunha a ningún tipo de prórroga, que establecía a xestión do mesmo por parte da administración local. Pasados os 10 anos de vixencia o acordo entendeuse caduco, mais en aras da boa fe e do espírito de colaboración o Concello mantivo nos últimos anos a mesma relación co Xacobeo, xa que se considera que a hospedaxe presta un servizo de importancia, tanto para os peregrinos que transitan tanto polo Camiño de Inverno, como pola Vía da Prata e, ao mesmo tempo, é imprescindible para a veciñanza de Bendoiro. Non obstante, no presente ano produciuse a xubilación da persoa encargada das instalacións, o que sumado á imposibilidade por parte do Concello para contratar persoal obrigaría a traspasar a xestión da hospedaxe a Xunta de Galicia.

O Concello de Lalín, coñecedor da data de xubilación da persoa encargada do albergue e ante a imposibilidade de contratar persoal para tal fin, comezou xa en novembro do ano pasado, a través da concellería de Turismo, os contactos coa dirección do Xacobeo coa finalidade de trasladarlle a situación. A comezos de 2017 mantívose a primeira reunión formal coa entidade dependente da Xunta, onde se explicou a inmediata xubilación da encargada de A Laxe e solicitouse poder seguir empregando o dito espazo como local social para os veciños e veciñas de Bendoiro, unha das máximas preocupacións do Goberno nesta liña.

Nos contactos iniciais apreciouse unha boa disposición por parte da Xunta na súa resposta verbal na que se indicou que non habería problema para continuar utilizando esta instalación como local social, prestando así un servizo de moita utilidade aos veciños da localidade. Non obstante, tras a aprobación en Xunta de Goberno Local do remate da posibilidade de xestión compartida do albergue de A Laxe debido a motivos económicos e de contratación de persoal e durante as semanas que

a hospedaxe permaneceu pechada, o Concello, a pesar das numerosas consultas, non recibiu ningunha resposta en firme a este respecto e sigue descoñecendo se os veciños de Bendoiro poderán seguir utilizando a instalación como centro social tras a súa recente reapertura. Destacar que este feito aporta un valor engadido aos coidados do espazo e á natureza da relación que se establece entre os camiñantes e os veciños/as.

Os centros sociais parroquiais constitúen un ben imprescindible para as parroquias, servindo como punto de confluencia veciñal e ofrécenlles ás asociacións, veciños e entidades cidadás a infraestrutura necesaria para a realización de actividades de iniciativa popular ou daquelas planificadas dende as propias administracións ou outras asociacións.

En vista do anteriormente exposto, **o Pleno ACORDOU:**

*Solicitarlle á S.A de Xestión do Plan Xacobeo, dependente da Axencia de Turismo de Galicia, que permita o uso do albergue de peregrinos de A Laxe como centro social en beneficio dos veciños e veciñas de Bendoiro.*

*Sendo as 12,49 horas abandonou a sesión D. Francisco Xavier Vilariño Taboada, quedando con vinte edís o Pleno e con nove o grupo de goberno.*

#### **14.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

D. Xosé Crespo Iglesias:

1.- ROGO.- A acta da sesión da Xunta de Goberno 15-5-2017 última sería a máis reducida das actas en quince anos, xa que só tiña cinco páxinas e era a máis pobre da historia. Pidiu que, se non había temas a tratar, que os busquen e que teña máis asuntos.

*Respondeu D. Nicolás González Casares indicando que por problemas da administración electrónica nesa acta non se puideron meter máis asuntos; a vindeira sería moito máis extensa con 28 puntos. Péchanse os asuntos a meter ás 14 horas os mércores. Estaba aí o Secretario que podía ratificalo.*

2.- ROGO.- Sobre as rotondas pide que se lle dea caña á empresa e que se lle esixa o cumprimento do contrato, porque as rotondas non estaban en bo estado. Eran estas moi importantes para a imaxe de Lalín e para todo.

**O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.**

3.- ROGO.- Pide que non se utilicen as expresións similares ás usadas polo grupo de goberno recentemente na cadena de radio SER, na que se dixo que a os membros da oposición eran uns vagos e que non presentaron nin sequera emendas ao orzamento.

**O Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio retirou o dito, pero coidaba**



*que non lles chamou vagos Quedou enterado e pediu desculpas*

**D. Xosé Crespo Iglesias** explicou que eles non presentaron emendas ao orzamento porque votaron en contra. Non era lóxico, votando así, presentar emendas. Aclarado.

1.- PREGUNTA.- En relación co asunto tratado e o acordo adoptado no mes de xaneiro deste ano que ten todas as sinais de tratarse dun culebrón e que non beneficia a ninguén, pero do que había documentación e co fin de que non haxa un problema con *D. Federico Trillo* e coa familia do militar falecido de Lalín no voo do Yak-42, coidaba que non era lóxico darlle caña á empresa e logo a un familiar. Fastidiáballe a declaración que se fixo, a percha que buscaban para esa declaración, xa que lles xeraba problemas co familia. Pediu sensatez e que non se mesturen os temas. Foi nun comunicado de prensa.

*Respondeu o Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio, que houbo un comunicado que había que aclarar. Indicou que tanto a empresa coma a concelleiro non tiveron problemas coa familia, xa que falamos cunha persoa que dixo actuar en nome da mesma. Logo na Feira dos Carballiños falaron con vostede, o que lles consta. Non todos estaban de acordo. Era un tema sensible, respectaba á familia, coñézoa de toda a vida. Falamos co voceiro que dixeron eles. El tiña boa relación con eles; un estaba en Andorra..... Entre eles non me quero meter. Houbo un ok do voceiro da familia. Tamén mandou un whats App esa persoa*

**D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que comigo non falaron.

Afirmou **D. Juan José Cruz García** que isto lle causou moito dano.

**D. Rafael Cuíña Aparicio**, Alcalde, díxolle que o *whats App* envioulle unha á prensa: ¿Que tes que ver ti?.

**D. Juan José Cruz García** si, porque salgo eu na prensa. Vincúlame a min como asesor, causástesme dano. Sen embargo chamabades aos vosos amigos. Eu tamén son amigo da familia. Houbo un dano excesivo non ámbito laboral e no ámbito persoal, mentindo.

Non o sei, afirmou **D. Rafael Cuíña Aparicio**. Logo preguntou: Mentín? En que? dirixíndose a D. Juan José Cruz García.

**D. Juan José Cruz García** afirmou que si, “porque salgo eu na prensa”. Vinculádesme a min, dicindo que el é asesor meu.

2.- PREGUNTA.- ¿Quen asesorou ao Concello diante do ataque informático *WanaCry*, que ao parecer non afectou ao Concello que houbo nas vindeiras semanas? Ía haber máis replicas e atacarán ás Admóns. A Deputación Provincial tiña que colaborar cos concellos en serio. ¿Vai tomar algunha medida si hai réplicas?.

**D. Rafael Cuíña Aparicio**, Alcalde: Síntese D. Manolo de Castro neste tema.

*Respondeu D. Tomás Vilariño Fidalgo. Explicou que no mes de agosto fixeron copias de seguridade; desde entón facían mes a mes as ditas copias de seguridade dos equipos informáticos municipais, estando polo tanto gravado o traballo e gardadas as cintas na caixa forte. Estabamos protexidos. No caso de pedir un*

rescate os do virus, recoméndase non pagar. Son cibercriminosos.

**D. Xosé Crespo Iglesias:** Pero acaban pagando.

Salientou **D. Tomás Vilariño Fidalgo** que interesaba contar con copias de seguridade.

Non era un deber pagar aos cibercriminosos; pero había empresas que pagaban e recibían de novo o material.

Nós facemos unha copia de seguridade. Os equipos do Concello estaban actualizados.

O Centro Criptolóxico Nacional avisou dun parche que evitaba que os equipos se infectasen e puideran coller a versión WanaCry. Era certo que había outras versións do virus. Para evitar danos, enviouse un correo ao persoal do Concello, co fin de que non abrisen os correos sospeitosos e para que non executasen ordes raras. Había moitas vulnerabilidades que podían afectar a equipos debidamente parcheados. Había copias diarias e actualizadas. De todos os xeitos non estaban exentos. Había que facer o traballo ben. No Concello podíamos saír sacando peito. Todo o persoal estaba avisado. Non se sabe o que pasará no futuro. Houbo múltiples reunións e eles asistiron, mesmo un Curso avanzado.

Reiterou que as xentes estaban avisadas e os equipos pechados. Tamén diariamente se facía no Concello unha copia de seguridade. Engadiu que os problemas saltaron tras as filtracións de Wikileaks. As empresas tentaban corrixir iso.

Quedaba respondida.

**3.- PREGUNTA.-** Do Paseo do Pontañas. Os membros do goberno actual chegaron hai dous anos ao goberno e dixeron que aquilo era a selva amazónica e que había que limpalo. Agora tampouco estaba ben. ¿Tedes pensado limpalo agora?. Coida que parece a selva amazónica e estaba igual que cando nos fomos nós. Dades un paseo e o veredes.

Respondeu o Sr. Alcalde **D. Rafael Cuiña Aparicio**, dicindo que agora ía ir para alá unha brigada específica composta de sete membros.

Afirmou **D. Xosé Crespo Iglesias** que durante un tempo contouse coa Deputación. Logo marchou a xente e a herba creceu. Tedes os mesmos problemas que nós, e por riba antes dabades caña diante desta situación. Agora hai o problema: Resolvédelo.

**4.- ROGO.-** Que se limpen as beirarrúas nas zona de Goiás, xa que nas festas San Miguel de Goiás, a pista que vai á altura do Cemiterio ata Porcallos, pasando do Santón, o camiño non estaba desbrozado. A xente dirixiuse a el para que llo dixera. Cumpría dar unha desculpa; os veciños faloron con el e estaban molestos. Díxoselles que se faría cando se asfaltase. Agora estaba intransitable. Que se parchee porque estaba intransitable e que pase a desbrozadora. Eu fun vela.

**O Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

**5.- ROGO.-** ¿Perdeuse parte dalgunha subvención do Plan concellos 2016? Pide que envíen a resposta sobre as subvencións que se perderon do Plan dos

Concellos 2016, xa que anteriormente a unha pregunta formulada no Pleno anterior contestaron indicando que só houbo unha de 1.000 € e outra de 5000 €. ¿Perdeuse algunha máis?

***O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.***

**6.- ROGO.- D. Marcial Sánchez González** acababa de morrer en Arxentina. Era un gran lalinense Pide que se lle envíen as condolencias a súa familia. Lembra que foi Presidente do Centro Lalín en Bos Aires durante moitos anos e sempre defendeu Lalín, mesmo en temas de interese social, perdendo do seu. Era do PP e vivía no Leste de Bos Aires. Decía que o Centro de Lalín en Bos Aires era a parroquia nº 52 de Lalín. Un total de 1500 lalinenses chegaron a estar afiliados ao dito Centro. Pide mostrar condolencias, xa que foi un lalinense de pró.

*O Sr Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio, emitiu tamén as súas condolencias e adiantou que as trasladaría a familia. Coñeceuno persoalmente cando foi a Arxentina de neno. Aproveitou a ocasión para indicar que no mes de outubro deste ano viaxarían a Bos Aires nunha viaxe organizada polo Concello de Vila de Cruces e gustaríalle que fose tamén o Sr. Crespo Iglesias. Sería unha visita exprés.*

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez.**

**1.- ROGO.-** Dirixida a D. Miguel Medela. ¿Para cando se lle ían entregar os planos sobre as pistas nas que se botou o recheo do acordo co dito no último Pleno ao PP das obras de Ronda Leste?.

***O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.***

**1.- PREGUNTA.-** En relación coa parroquia de Catasós, co Campo da Festa: ¿Por que no tramo onde se desbrozou un camiño co gallo das súas festas, só se fixo un lado da pista e non no outro?

***O Sr. Alcalde-Presidente dixo que respondería por escrito.***

**D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey.**

**1.- PREGUNTA.-** No Pleno de mes de marzo, despois da moción para axilizar os trámites de recoñecemento das minusvalías, o edil delegado, *D. Nicolás González Casares* comentaba que había solicitudes nas que faltaban por citar a persoas do ano 2014. Isto sorprendeunos. Agora querían coñecer cantas solicitudes había. Querían ese dato. Non houbo resposta desde aquela. ¿Segue existindo situación demora e expedientes con esa demora do ano 2014?. ¿Estas eran as que había e se manteñen as mesmas?.

***D. Nicolás González Casares dixo que agora non o sabía; consultaríano e de máis de dous anos, había seguro. Había tres de novembro do ano 2014, seguros, Logo miramos. Había que esperar e ver as contas. Logo miramos. Antes fin de mes te envío os datos.***

**2.- PREGUNTA.-** En relación co programa de Educación Familiar: ¿A través de que actuacións concretas se levan e se están levando a cabo en familias con menores en situación de exclusión e tamén en situación de desamparo.

¿Nos dous anos últimos se implantou nesa area da educación familiar algún protocolo de actuación?

*Respondeu **D. Nicolás González Casares**, de memoria, dixo. A resposta á pregunta era máis ampla do que parecía. Una persoa estaba de baixa no departamento, e levaba así un mes e medio. No departamento seguían coas intervencións e coa axenda. Este ano púxose en marcha o programa de prevención de adicións, que seguirá no segundo semestre deste ano; contratarase unha educadora social que traballadora coa da deputación provincial para colaborar co mesmo. Sobre o protocolo recordaba que había un de abstencionismo escolar que incluía a participación da Policía local e da Garda Civil; tamén había a Escola de Verán.*

De novo **Dª Paz Pérez Asorey** dixo que o programa de intervencións xa estaba implantado. Existía e se estaba levando; o que se dixeron foron mentiras, porque había participación das escolas deportivas.

***D. Nicolás González Casares** indicou que eles puxeron en marcha a Escola de Verán; logo houbo intervencións coas familias, aparte de deporte inclusivo, con máis prazas gratuítas nos clubs que buscaba integrar cos educadores familiares nos clubs. Grazas a isto, conseguíuse que moitos clubs moitos participasen no programa.*

**Dª Paz Pérez Asorey.** Si que se levaba antes. Na práctica si se estaba executando.

***D. Nicolás González Casares:** pero non regradamente contestou: e nunca houbo 10 prazas por club como había agora; así llo dicían no departamento.*

**Dª Paz Pérez Asorey.** Era mentira. Xa cando deixaron o goberno había un programa de nenos de educación familiar no que interviña o Concello e xa participaban nas escolas deportivas. Agradezo o anticipo.

**D. Nicolás González Casares.** As bases da subvención están aí. Esperaba entregarlle a información a fin de mes.

**1.- ROGO.- Dª Paz Pérez Asorey.** Agradeceu o dito. O programa era amplo. De novo reiterou que eles querían coñecer os tipos de actuacións que se estaban levando a cabo.

**O Sr. Alcalde-Presidente** quedou enterado.

**D. Juan José Cruz García.**

**ROGO.-** Sobre a familia de *D. Victorino Agulló*. Ía ser blandiño. Moita xente dirixíase a el sobre a relación da familia *Agulló* conmigo. O seu trato no Pleno sería proporcional ao recibido. Quería ser brando. Había actos de covardía por escrito. Estaba nas vosas mans buscar vías de consenso. Difámase desde o Concello e logo a xente difama por aí.

Pide que se busquen vías de consenso e que desde o Concello non se difame.

- Ía ser duro atacando ao Alcalde porque estaba equivocado con *Victorino Agulló*.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio** dixo que non tiña nada contra el. Era amigo de toda a vida. Molestáballe a situación. Tratouno toda a vida. Hai meses houbo un malentendido con el, pero xa se arranxou. Estaba molesto por falar de persoas privadas. Isto non era unha cafetería. Era correcto.

**D. Juan José Cruz García** salientou que tamén lle molestaba a el poñer o dedo na chaga. Non quería facer dano. Un consello: "Que arranxedes". A familia contactou comigo, sentíanse atacados e estigmatizados. Non entraba ao trapo coas notas de prensa. Díxenllo varias veces. Estudei no Seminario con *Santi*, a miña irmá tiña relación con eles e con moita xente; a relación era fluida. *Victorino dime que se sinte atacado por vos. Pídeme que faga estas preguntas.*

1.- PREGUNTA.- ¿Van retirar as acusacións vertidas, como a que el é o meu asesor?

Non é o meu asesor. Si fora así: influíu en mi cando se aprobou o ENIL? Influíu só en min?. Que buscadeis vinculándonos en prensa aos dous?

Eu estou na política e non era grato para el todo isto. Vinculando esa persoa a un tráfuga: Que se busca?

¿Retirades os artigos dicindo que *V. Agulló* escribiu os artigos na prensa?.

**D. Rafael Cuiña Aparicio** indicou que o *Diario Pontevedra* dinos iso. *Quen manda esa información é V. Agulló. Confirmao a xornalista que está no Pleno.*

*Abandona a Presidencia e a sesión o Sr. Alcalde. Son as 13,14 minutos.*

**D. Nicolás González Casares** asume a Presidencia da sesión.

*Hai un debate co Sr. Alcalde antes de marchar, indicando este que hai unha inundación nunha rúa de Lalín e ten que marchar.*

**D. Juan José Cruz García** pregunta se quita el a auga, ou, chamamos ás *Ardores*?

2.- PREGUNTA.- Sobre a Familia Agulló, coidaba que estaba molesta.¿Que dereito tedes para difamar a unha persoa como *V. Agulló*?

Vinculalo a un tráfuga era difamar. El gardaba tamén outras actuacións e outros comentarios nas redes sociais e máis que posibles evidencias de que se atacase a esta persoa, afirmando que dita persoa non pagaba aos seus empregados. Non querían escoitar. Pero a familia estaba molesta con todo isto que pasaba e quería amosar o seu grao de molestia.

**O Sr. Alcalde-Presidente** indicou que respondería por escrito.

3.- PREGUNTA.- Pide ao Sr. Alcalde que nos axude a dar luz. Se pagarían con cartos en B a defensa dos militares da catástrofe aérea (Yack-42)?.

Pode ter información ou Sr. Alcalde?, Ou se o Sr. Alcalde ten información ou coñece se co diñeiro da caixa B de Bárcenas se pagou a defensa dos militares onde morreu o noso veciño?. Se ten información ou se non a ten?.

**D. Nicolás González Casares**, respondeu indicando que iso mellor que o respondese o Sr. *Crespo*, que era do partido de Bárcenas.

4.- PREGUNTA.- Dalgún xeito difundíuse este tema dos condenados no accidente do Yack-42. Entendedes que contactou comigo esa persoa para preguntar estas cousas?.

***O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.***

1.- ROGO.- Reclama desculpas ao goberno e que as pida á familia. Pide que: “arranxedes isto polo voso ben”.

***O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.***

2.- PREGUNTA.- Se non podía responder a unha das preguntas anteriores. Se podía poñerse en contacto o Sr. Alcalde co xente da trama Gürtel para aclarar a pregunta anterior?.

*O Secretario falou para indicar que esa pregunta lle parecía que estaba relacionada co caso Gürtel, o cal estaba xub iudice e non lle gustaba nada poñelo na acta; era problemático.*

**D. Juan José Cruz García,** indicou que podía constar en acta. O Xerente desta empresa podía querer ter isto en acta.

Pide **D. Nicolás González Casares** a dito edil que se ciña á orde do día, aos temas de interese da vida municipal.

**D. Juan José Cruz García,** sinalou que nesta sesión e anteriores houbo sete ou oito mocións de interese do Concello.

Pedíulle **D. Nicolás González Casares** que falase de temas de interese para Lalín. Dáballe igual o tema de Bárcenas.

***O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.***

2.- ROGO.- Que se pidan desculpas á familia e ao rapaz.

***O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.***

3.- ROGO.- En relación coa Praza da Igrexa, moción veu, pitorreo. Indicou que contactaron con el algunhas persoas que recibiron multas e que as pagaron, aínda que era irrisoria. Quería que isto non lle pasase a ningunha outra familia, así llo pedía a familia afectada, que se regulase este tema cunha moción. Había que emitir un permiso escrito para estes casos ou establecer unha regulación; se non facedes nada, poñereime de acordo co PP para aprobar isto, por exemplo cunha moción compartida. Douvos a oportunidade a vos antes.

***O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.***

5.- ROGO.- Asegurádevos que se o Concello comprou un camión entre o período 1997-2016 de marca MAN, Volvo ou outras, superior a 6 toneladas de carga,

dentro dun programa que forma parte de operacións desleais, e pide que se realicen os tramites, se existisen esa adquisición, para tramitar a devolución que pertence ao Concello por lei.

**O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.**

**D. Xosé Crespo Iglesias:**

**1.- PREGUNTA.-** Hoxe houbo unha reunión de bibliotecas en Santiago de toda Galicia para implantar o sistema COHA, antes era o programa MEIGA. Polo visto Lalín era o único Concello que non enviou ningunha representación a esta reunión.

*Respondeu D<sup>a</sup>. Lara Rodríguez Peña. Confirmou que si, que houbo a reunión; que falou deste tema con Marta e que a outra persoa estaba de baixa e levaba un mes coa baixa. Marta tiña que quedar na biblioteca. Coidaba que habería máis reunións; esta era só informativa; nas posteriores reunións iría Marta ou outra persoa.*

**2.- PREGUNTA.-** A resposta foi supereperegrina; non había ningún persoa nesa reunión. ¿Non podía acudir outro funcionario aínda que só fose para recoller a documentación e para que informase do que se dixo na mesma?.

Concluíu afirmando que era un desastre a xestión neste eido da cultura. Reiterou que podía enviarse a outra persoa e que non tiña sentido que non se enviase a ninguén. Non o entendía. Era un auténtico desastre.

A edil delegada, **D<sup>a</sup>. Lara Rodríguez Peña**, contestou que *lle faltaba persoal e que non puido enviar a ninguén. Estivo a punto de ir ela persoalmente. Non ten sentido que vaia outra persoa allea á biblioteca. Eu mesma podía ir, se non houbera sesión do Pleno. Tiña que ser unha persoa cualificada. A resposta era esa: non había persoal". "Era un desastre que mo como eu", afirmou.*

E, sendo as **trece horas e vinte e cinco minutos** do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, *pola Presidencia* levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.  
Rafael Cuíña Aparicio

Dou fe. O Secretario Xeral.  
César López Arribas